

Departamento de Inglés

Programación Didáctica

2020-21

IES “NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES”
LUGO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	5
1.1. Xustificación da programación	5
1.2. As Competencias Clave Integradas: learning by doing	5
1.3. Lexislación	6
2. CONTEXTO	8
2.1. Contexto particular do centro. O Departamento de Inglés. O TIL	8
2.2. Materiais e recursos didácticos. Libros de texto	9
2.3. Plan de lectura. Libros de lectura obrigatoria.....	10
2.4. Lingua na que se imparten as materias no Departamento.....	15
2.5. Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.....	15
2.6. Proxectos europeos / Erasmus+. Seccións bilingües. Centro plulilingüe	17
2.7. Actividades extraescolares e complementarias	19
3. DESEÑO CURRICULAR	20
3.1. O Currículo e os seus elementos. Conceptos básicos da LOMCE	20
3.2. Obxectivos adaptados ao contexto	21
3.3. Competencias clave (CC).....	22
3.4. Metodoloxía.....	25
3.4.1. Metodoloxía Didáctica	25
3.4.2. Organización de tempos, agrupamentos e espazos.....	26
3.4.3. Medidas de atención á diversidade do alumnado. Materia pendente	27
3.5. Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR).....	30
3.6. Os Reforzos como materias: características	31
3.7. Contidos	31
3.7.1. 1º ESO	31
3.7.2. 2º ESO	35
3.7.3. 3º ESO	39
3.7.4. 4º ESO	42
3.7.5. 1º BAC	46
3.7.6. 2º BAC	51
3.8. Programación e Temporalización das Unidades	55
3.8.1. 1º ESO	57
3.8.2. 2º ESO	68
3.8.3. 3º ESO	80
3.8.4. 3º ESO PMAR.....	94
3.8.5. 4º ESO	107

3.8.6. 1º BAC	119
3.8.8. 2º BAC	136
4. AVALIACIÓN.....	145
4.1. Introducción	145
4.2. Elementos de avaliación.....	148
4.2.1. Elementos de avaliación en 1º ESO	148
4.2.2. Elementos de avaliación en 2º ESO	153
4.2.3. Elementos de avaliación en 3º ESO	157
4.2.4. Elementos de avaliación en 4º ESO	162
4.2.5. Elementos de avaliación en 1º BAC.....	167
4.2.6. Elementos de avaliación en 2º BAC.....	173
4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación	178
4.3.1. 1º ESO	178
4.3.2. 2º ESO	181
4.3.3. 3º ESO / PMAR 3º ESO	183
4.3.4. 4º ESO	185
4.3.5. 1º BAC	187
4.3.6. 2º BAC	189
4.3.7. Consideracións finais para a avaliación en ESO e BAC	191
4.4. Avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente	192
4.5 Elementos transversais	193
ANEXO I: Adaptacións derivadas do curso19-20 pola situación do Covid19.....	195
ANEXO II: Contribución do Departamento ao Plan de Igualdade do Centro	221

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Xustificación da programación

A Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no *Marco común europeo de referencia para as linguas*, son claves significativas que quedan reflectidas na nosa Programación.

A finalidade da nosa Programación é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporáramos asemade o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Esta Programación ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente no alumnado á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converterán nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá intentar crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo. Con esta finalidade, o profesorado coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ao idioma e á cultura dos países de fala inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumnado cara ao novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

1.2. As Competencias Clave Integradas: *learning by doing*

A única maneira de que un país se desenvolva é mellorar o seu nivel de coñecemento. E a única forma de melloralo é facendo cousas, é mellorar *facendo* (*learning by doing*).

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumnado, mediante o que *sabe*, debe demostrar que *sabe aplicar*, pero ademais que *sabe ser e estar*. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumnado. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ao alumnado no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, responsabilidade e cooperación.

A nosa Programación recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

1.3. Lexislación

- LOMCE. Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa. Lei 8/2013 (BOE 10/12/2013).
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (BOE 03/01/2015).
- Corrección de erros do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (BOE 01/05/2015).
- Orde 08/06/2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/16 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 17/06/2015).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/06/2015).
- Resolución 27/07/2015, da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da ESO e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/07/2015).
- Resolución 15/07/2016, da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 20/07/2017, da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación

secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. CONTEXTO

2.1. Contexto particular do centro. O Departamento de Inglés. O TIL.

O nivel social do alumnado do que se nutre o centro é variado e procede tanto de medio urbano como rural. Os centros de educación primaria adscritos son os seguintes: C.P. Anexa (centro urbano), Colexio de Portomarín (vila, con alumnado de procedencia rural) e Colexio de Nadela (barrio periférico rural).

A poboación estudiantil é bastante heteroxénea e na súa maior parte falante competente tanto de español como de galego - aínda que normalmente o español é predominante.

Composición do Departamento

PROFESOR/A	ACTIVIDADES LECTIVAS	CURSOS	GRUPOS / HORAS
García Lorenzo, Juan Carlos	Inglés	1ºBAC 2ºBAC	2x3 3x3
	Coordinación Sección Bilingüe (Ciclo) Xefatura de Departamento Consello Escolar Proxectos Internacionais		1 3 1 1
Barrera Fernández, Lorena	Inglés	1º BAC 2º BAC	3x3 3x3
	Proxectos Internacionais		2
Campo Resco, Lara María*	Inglés	3º ESO 4º ESO 1º BAC	3x3 2x3 1x3
	Titoría 3º ESO		2
Fernández Senande, Mª José	Inglés	4º ESO	5x3
	Coordinación Aula de Convivencia		2
	Titoría 4º ESO Coordinación Sección Bilingüe (Tecnoloxía)		2 1
Mourellos Regueiro, Juan Carlos	Inglés	2º ESO	6x3
Rodríguez López, Ana Mª	Inglés	1ºESO 3ºESO 3ºESO PMAR	3x3 2x3 1x3
	Titoría 3º ESO PMAR		2
Villar Rodil, María del Mar	Inglés	1º BAC 2º BAC	3x3 3x3

Veiga Rodríguez, Beatriz**	Inglés Doc. Plurilingüe	1º ESO 3º ESO	2x3 1x3 1
----------------------------	--------------------------------	------------------	-----------------

*Lara María Campo Resco é membro do Departamento durante o curso 2020-21 como resultado dunha permuta.

**Profesora interina. Comparte docencia co Departamento de Alemán.

O Departamento de Inglés participou durante o curso 2018-19 na elaboración do documento de Tratamento Integrado de Linguas (TIL) do Instituto. Este documento non é específico deste Departamento e polo tanto non se inclúe nesta Programación, pero pode ser consultado no centro.

2.2. Materiais e recursos didácticos. Libros de texto

1º ESO

Pelteret, C. (2014) *Mosaic 1*. Oxford: Oxford University Press.

ISBN: 978-0-19-466610-7

Workbook: a criterio do profesorado. Introdúcese a versión dixital deste libro mediante a adquisición de licenzas de uso á Editorial Oxford.

2º ESO

Marks, L. & E. Devlin (2016) *Way to English. ESO 2*. Limassol: Burlington.

Introdúcese a versión dixital deste libro mediante a adquisición de licenzas de uso á Editorial Burlington. Só o alumnado de 3º ESO coa materia pendente de 2º ESO seguirá a usar este curso o libro no seu soporte físico.

ISBN: 978-9963-51-635-3

Workbook: a criterio do profesorado. Introdúcese a versión dixital deste libro mediante a adquisición de licenzas de uso á Editorial Burlington.

3º ESO

Kelly, P. (2015) *Mosaic 3*. Oxford: Oxford University Press.

ISBN: 978-0-19-465206-3

Workbook: a criterio do profesorado.

PMAR 3º ESO

Morris, D. (2016) *Mosaic. Essential Practice 3*. Oxford: Oxford University Press.

IES “Nosa Señora dos Ollos Grandes”

4º ESO

Marks, L. & E. Devlin (2016) *Way to English. ESO 4*. Limassol: Burlington.

ISBN: 978-9963-51-647-6

Workbook: a criterio do profesorado.

1º BAC

Grant, E. & S. Carter (2017) *Advantage 1*. Limassol: Burlington.

ISBN: 978-9963-27-367-6

Workbook: a criterio do profesorado.

2º BAC

Williams, A. & M. Baines (2013) *Advanced Contrast for Bachillerato 2*. Limassol: Burlington.

ISBN: 978-9963-48-905-3

Workbook: a criterio do profesorado.

Aparte disto, utilizaranse na clase materiais diversos, tales como libros de consulta, materiais procedentes de libros de profesores e doutros libros de texto, e especialmente un conxunto de materiais didácticos elaborados ao longo do tempo polos profesores que traballan ou traballaron neste Departamento e que se atopan debidamente arquivados para o seu uso na aula.

Existe unha gran cantidade de material online que o profesorado tamén utiliza para as súas clases: ben como parte do traballo de aula, ben como deberes e traballo do alumnado en casa.

As páxinas web e blogs do profesorado actúan como banco de recursos aberto ao alumnado en todo momento.

2.3. Plan de lectura. Libros de lectura obrigatoria

O fomento da lectura é unha parte importante da Programación deste Departamento. Parte da nosa responsabilidade como profesores/as é conseguir que o alumnado poña en práctica, cando le en inglés, as mesmas habilidades que utiliza cando le na súa lingua e traballamos neste sentido para convencelos/as de que poden comprender textos en inglés aínda que teñan vocabulario ou estruturas que nunca viran antes; e dicir, o mesmo que sucede cando len na súa lingua. Persequimos esta finalidade en dous niveis distintos: por unha banda, con actividades de aula que teñen que ver con procesos de lectura e que poderíamos chamar “Actividades de lectura/escritura do curriculum” e, por outra, con un “Programa de Lectura (Obrigatorio/Voluntario)”.

Actividades de lectura/escritura do currículo

Neste apartado incluímos todas aquelas actividades que, no desenvolvemento dunha clase ou como tarefas para casa, propoñemos ao alumnado para que mesmo recoñeza ou mellore aquelas

habilidades que farán que se convertan en lectores máis preparados e así saquen mellor proveito da súa lectura. Dende sempre o profesorado de inglés vén facendo actividades como as que seguen porque consideramos que a lectura é unha parte esencial da aprendizaxe de calquera lingua; de feito, as máis das veces, estas actividades aparecen especificadas nos libros de texto do alumnado:

- **Destrezas para a lectura**

A ensinanza dunha lingua estranxeira implica traballar con distintos aspectos relacionados co idioma que se vai aprender a partir do coñecemento, consciente ou inconsciente, da lingua ou linguas propias. Un lector en calquera lingua emprega certas destrezas e o seu nivel de comprensión depende en boa medida do uso que faga delas, por iso, na clase de inglés traballamos a actividade lectora partindo da práctica destas seis destrezas que practicamos en todos os niveis, variando unicamente o grao de dificultade dos textos:

- Destrezas de predición: un lector eficiente é aquel que predice o que vai ler e a súa comprensión do texto baséase no proceso de ver ata que punto o contido do texto coincide coas súas expectativas. A práctica desta destreza obriga ao profesorado a facer que o alumnado se interese no tema, proporcionándolle unha finalidade interesante e motivadora. Nestes casos é importante averiguar (mesmo na lingua do alumnado, non necesariamente en inglés) o coñecemento que teñen en relación co tema e, a partir diso, pedirles que confirmen ou aumenten o seu coñecemento segundo o texto.
- Ler para extraer información específica (*scanning*). Moitas veces un lector enfróntase a un texto, non para enténdelo completamente, senón para averiguar unha ou máis cousas determinadas; por exemplo, ler a crítica dunha película buscando o nome do protagonista. Neste caso insistimos en que o alumnado aprenda a ignorar a información que non necesita e se centre unicamente no que ten que buscar, para iso debe saber que ten que ler as preguntas antes de ler o texto. Nas primeiras fases da práctica desta destreza, as solucións deben ser moi claras de modo que o alumnado asocie esta destreza coa rapidez e aprenda a buscar palabras clave que lle axude a encontrar os datos.
- Obter a idea xeral dun texto (*skimming*). O importante é a idea xeral, non os detalles así que o alumnado ten que aprender a identificar os puntos principais dun texto e ignorar o que é irrelevante. O lector ten que recoñecer, nunha lectura rápida, a información que se repite e distinguir os puntos máis importantes dun texto. As veces o/a profesor/a asegúrase de que o/a alumno/a entendeu a idea xeral con preguntas tipo “multiple choice” ou preguntas de comprensión xeral adaptadas ao seu nivel. A identificación das ideas principais dun texto é o primeiro paso para ensinar ao alumnado a facer un bo resumo.
- Averiguar a opinión e a actitude do escrito. O escritor non sempre expresa a súa opinión dun xeito claro pero o lector aprende, a partir de distintas pistas no texto, a distinguir o seu punto de vista e se está de acordo co tema ou non. Recoñecer os marcadores de estilo lingüístico require un alto nivel de comprensión xa que o lector ten que identificar o rexistro do escritor: se usa unha linguaxe formal ou informal, se o seu estilo é directo, etc. As actividades que teñen esta finalidade practícanse a partir de 3º ESO e, principalmente, no Bacharelato.

- Deducir o significado polo contexto. Os falantes de calquera lingua encontran ás veces palabras cuxo significado descoñecen, pero este feito non é realmente un problema na maioría dos casos porque o lector pode imaxinar o seu significado segundo o contexto da palabra (o tipo de oración, a gramática, etc.). A maioría das veces o lector é incapaz de imaxinar o significado dunha palabra unicamente cando son moitas as palabras que descoñece no mesmo texto, pero este, unha vez máis, é un problema tamén cando sucede na L1.
- Recoñecer marcadores do discurso. Os marcadores do discurso ou conectores permiten ao lector entender o sentido xeral dun texto; cando un lector le “en outras palabras”, por exemplo, sabe que vai ler unha definición dun concepto ou dunha idea dun xeito distinto. Estes marcadores son os que dan cohesión a un texto e, ao mesmo tempo, permiten unir as ideas dun xeito coherente. A ensinanza destes conectores empeza dun modo moi sinxelo cos conectores básicos en inglés, *and*, *but* para chegar a un estudo detallado e concienzudo no último curso de Bacharelato coa presentación de todos os tipo de *links* que foron aparecendo nos distintos cursos: os que axudan a construír un argumento coa enumeración de ideas (*first, second...*), os que engaden información (*also, in addition...*), os que explican as causas e os resultados (*that’s why, therefore...*), os que axudan a explicar as ideas doutro xeito (*that is to say, in other words...*), os que modifican a idea que se expresa (*especially, at least...*), os que presentan opinións persoais (*in my opinion, in my view...*), os que introducen un resumo do texto ou das ideas principais (*to conclude, to sum up...*), os que introducen os exemplos (*for example, for instance...*), os que presentan un contraste de ideas ou opinións (*although, however...*), os que presentan unha transición das ideas (*by the way...*), etc.
- **Práctica das destrezas receptivas e produtivas**

No que se refire á aprendizaxe de vocabulario, as actividades de clase divídense en dous tipos: as que dan ou ensinan vocabulario e as que animan a reproducilo; as dúas relaciónanse xa que o alumnado valora e avalía o vocabulario que ten almacenado cando ten que usalo.

En xeral, o alumnado pode enfrontarse a textos dun nivel máis alto cando le que cando escribe: moitas veces o/a alumno/a ten que traballar cun texto para entender a mensaxe, e isto é posible incluso se o texto ten vocabulario que o alumnado non sería quen de producir.

- **Tipos de textos**

Na clase de inglés a selección de textos é importante segundo a finalidade para que se vaian empregar. Os textos poden ser auténticos ou non auténticos.

Textos auténticos son aqueles escritos para falantes de inglés, non para estudantes da lingua, por exemplo: periódicos, anuncios, libros, etc.

Textos non auténticos son os escritos especificamente para estudantes de inglés. Hai dúas categorías de textos deste tipo: os textos escritos para ilustrar estruturas específicas da lingua como poden ser os distintos tempos verbais, e os textos escritos para pareceren auténticos pero con un control estrito da lingua adaptada segundo o nivel. O uso de textos adaptados permite que o alumnado adquira as destrezas que necesitará no futuro cando se enfronte a material auténtico.

Os libros de texto da materia de inglés ofrecen múltiples exemplos de ámbolos dous tipos de textos e inclúen todos os xéneros literarios.

- **Finalidade da lectura**

Cando a xente le na vida real, fóra das aulas, pode ter distintos motivos: porque quere facelo por pracer, porque ten un obxectivo, ou ben porque ten algún tipo de expectativa. Intentamos reflectir estas finalidades nas actividades relacionadas coa lectura na aula: o principal enfoque metodolóxico destas tarefas é que sexan realistas e motivadoras para que o alumnado vexa unha finalidade útil á súa lectura e teña que reaccionar, por exemplo, dando a súa opinión sobre o que leron, facendo algunha actividade escrita (escribir unha carta ou unha postal) resumindo, ou entablando unha conversación baseada nos temas do texto.

- **Programa de lectura (Obrigatorio/ Voluntario)**

O Departamento de Inglés conta cunha ampla biblioteca de lecturas graduadas que foi incrementando ao longo dos anos, e mellorando coa incorporación de moitas lecturas de distintos niveis que traen incorporado un CD coa lectura gravada, ou co audio dispoñible online. O Departamento ten organizado un programa “mínimo” de lectura obrigatoria que todo o alumnado debe realizar, tanto na ESO como no Bacharelato. Este programa, pensado para afondar na lectura extensiva, consiste en ler un libro ou dous ou algunhas historias, por trimestre. Esta lectura enténdese como traballo persoal, aínda que de feito a maioría do profesorado dedica algunha sesión de clase a estas lecturas: para axudar a resolver algunhas dificultades específicas ou simplemente para asegurarse da comprensión dos contidos por parte do alumnado.

A avaliación das lecturas obrigatorias realizarase dalgún dos seguintes xeitos: mediante a inclusión dalgunha pregunta nas probas ou exames correspondentes, cun exame escrito específico para ás lecturas, cun exame oral, ou cunha combinación de todos eles. O obxectivo das preguntas é, simplemente, comprobar que a lectura se realizou. No caso de que algún alumno con cualificación positiva nas distintas probas orais e escritas non realizara a tarefa de lectura, non pode ter cualificación positiva definitiva sen superar as probas das lecturas. En todo caso considérase que a realización da lectura prescrita é un compoñente obrigatorio e eliminatorio do curso para a obtención dun aprobado.

Os criterios para a selección das lecturas obrigatorias foron distintos, segundo o nivel e a idade do alumnado. En 1º e 2º da ESO, por exemplo, influíron especialmente dúas características: o nivel do vocabulario e as estruturas gramaticais das lecturas; por exemplo, o uso do pasado simple dos verbos non aparece no o libro correspondente ata o terceiro trimestre de 1º ESO. Non obstante, en 3º e 4º da ESO a selección realizouse tendo en conta a temática. En todos os casos, os libros van acompañados dun CD porque consideramos que a lectura acompañada da escoita dos textos é o mellor método para mellorar non só o nivel de vocabulario senón a capacidade de comprensión a nivel tanto escrito como oral. En canto ao Bacharelato, as lecturas pasan a ser en inglés non adaptado, con algo máis de dificultade debido á temática das lecturas en 2º porque consideramos que nese momento o alumnado xa é quen de facer unha lectura extensiva dun xeito correcto.

O programa de lectura obrigatoria para todos os cursos é o seguinte:

1º ESO

1º Trim: Lindop, Christine. *Sally's Phone*. Oxford Bookworms Starters. (CD).

2º Trim: Smith, Bernard. *The Slave Boy of Pompeii*. Penguin Active Reading. Easystarts. (CD).

3º Trim: Escott, J. *The Missing Coins*. Penguin Readers. (CD).

2º ESO

1º / 2º Trim: Wilde, Oscar. *The Happy Prince / The Selfish Giant*. Black Cat / Green Apple. Vicens Vives (CD). (Unha historia cada trimestre).

3º Trim: Akinyemi, Rowena. *Love or Money*. Oxford Bookworms Library (CD).

3º ESO

1º Trim: Fine, Anne. *Madame Doubtfire*. Burlington Activity Reader. Limassol: Burlington.

2º Trim: Harris, Ken. *Vampire Tales*. Limassol: Burlington. (CD).

3º Trim: Edwards, Jenny. *A Sherlock Holmes Collection*. Limassol: Burlington.

PMAR 3º ESO

Fine, Anne. *Madame Doubtfire*. Burlington Activity Reader. Limassol: Burlington.

4º ESO

1º Trim: Kendall, Sue. *A Foreigner in India*. Burlington Original Reader Series. Limassol: Burlington.

2º Trim: Shakespeare, William, *Romeo and Juliet*. Burlington Original Reader Series. Limassol: Burlington.

3º Trim: Dickens, Charles. *Great Expectations*. Burlington Activity Readers. Limassol: Burlington.

1º BAC

1º Trim: Selección de historias curtas non adaptadas e textos diversos:

- Roald Dahl, "The Umbrella Man."
- Jackee Budesta Batanda, "Remember Atita."
- Malala Yousafzai, Nobel Lecture, December 10, 2014.
- Envy: A Story.

2º Trim: John Boyne. *The Boy in the Striped Pyjamas*. (1ª parte, 100 páxinas)

3º Trim: John Boyne. *The Boy in the Striped Pyjamas*. (2ª parte, 100 páxinas)

O profesorado poderá cambiar a orde de lectura en 1º BAC.

2º BAC

O alumnado debe falar co profesorado a principio de curso.

Diversas lecturas que variarán segundo o/a profesor/a, incluíndo as seguintes:

- Andrea Hirata, *The Rainbow Troops*. (novela sen adaptar).
- Selección de historias curtas non adaptadas.

A selección para cada trimestre faina cada profesor/a. Así mesmo, varios profesores/as propoñen a lectura de artigos de revistas escritas en lingua inglesa, como *The Economist*, *Time* ou *National Geographic*.

2.4. Lingua na que se imparten as materias no Departamento

Procuramos impartir as clases en inglés en todos os niveis de ESO e Bacharelato. Para as traducións e as explicacións cada profesor/a recorre ao idioma no que se atopa máis cómodo, galego ou castelán, ou se adapta á L1 do alumnado.

2.5. Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación

O noso Instituto participa no Programa Edixgal da Xunta de Galicia. Dentro deste contexto utilizamos dende o curso 2018-19 a versión dixital do libro de texto de 2º ESO mediante a adquisición de licenzas de uso á Editorial Burlington. E esta unha primeira aproximación ao libro dixital e ao Programa Edixgal. No futuro, e dependendo do material ofertado polas distintas editoriais, valoraremos a incorporación plena a este programa.

Por outra parte, o Departamento de Inglés procura levar a cabo un plan de integración das TIC que tanto axudan ao cambio metodolóxico na ensinanza deste idioma. Seguiremos as seguintes pautas para contribuír ao Plan de traballo do centro:

- *Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro: aula de inglés, computadores con conexión a internet, pizarras dixitais.*
- *Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.*
- *Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención da información e para a aprendizaxe.*

Animarase a todo o alumnado para que acuda á biblioteca do instituto e use os computadores e o material dixital dispoñible.

En canto aos obxectivos xerais do Plan de Integración das Tecnoloxías da Información, o Departamento de Inglés contribuirá nos seguintes puntos ao Plan do centro:

- *Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.*

Durante o presente curso manteremos a páxina web do Departamento para informar ao alumnado de todo aquilo que pareza relevante desde o punto de vista do profesorado do Departamento: datas, horas e lugares de exames, cambios nas aulas, noticias sobre bolsas e cursos, noticias sobre o exame de Selectividade, etc. O enderezo é: <https://inglesollosgrandes.wordpress.com/>

- *Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.*

Mediante o uso de películas ou de internet, o profesorado actúa moitas veces como detonante da capacidade de razoamento do alumnado. Cando un profesor/a elixe unha película para proxectala ao seu alumnado na clase de lingua inglesa, non só está pensando no aspecto lingüístico; a posteriori está sempre a reflexión sobre os temas que se plantexaron e mesmo o feito de motivar ao grupo a afondar no tema.

Outro xeito de aplicar este obxectivo é o procedemento que, ás veces, empregamos na preparación dos exames orais no Bacharelato. Cando o profesorado explica que tipo de exame pretende facer (descrición dunha fotografía dun tema determinado, exposición dun tema dunha revista concreta - como poden ser *National Geographic* ou *Time*) está implicando ao alumnado directamente na búsqueda de información e moitas veces na preparación do exame presenta ao alumnado mundos que ata entón descoñecía pero dos que goza e nos que moitas veces quere afondar aproveitando as facilidades que lle ofrece internet, por exemplo.

- *Fornecer ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.*

A actuación do profesorado é esencial para aconsellar ou orientar ao alumnado á hora de seleccionar a información tendo en conta o seu fin: desenvolvemento dun tema escrito ou oral para presentación perante o/a profesor/a ou a clase, preparación dun tema – oral ou escrito - para un exame, unha análise dos libros de lectura obrigatoria, etc.

Nos primeiros cursos da ESO, os exercicios dos CDs do libro de texto enfocan ao alumnado na búsqueda concreta da información e reforzan a practica de estratexias básicas de búsqueda e presentación da información. Nos cursos superiores é o profesorado o que ten que guiar a búsqueda pero dun modo máis xeral; o exceso de información de internet esixe que o profesorado sexa o que oriente ao alumnado, ás veces mencionando determinadas páxinas web ou mesmo amosándoas no computador e explicando a utilidade de cada unha delas.

- *Utilizar o computador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.*

A criterio do profesorado, poderase permitir ao alumnado a presentación dos traballos, redaccións, exames orais (en vídeo, por exemplo) etc. tanto en papel como en formato dixital, vía email, ou a través de distintas aulas e plataformas dixitais como Moodle, Google Drive, etc.

- *Potenciar a comunicación cos seus iguais.*
- *Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades da aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades, etc.*

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula é unha peza clave para todos os membros deste Departamento. Non só pretendemos que o alumnado demostre a súa competencia dixital para buscar, obter, procesar e comunicar información senón que aprenda a través dela na aula.

Algúns profesores/as utilizan blogs ou páxinas web para o desenvolvemento da súa actividade docente:

Juan Carlos García Lorenzo: www.juancarlosgarcialorenzo.eu

- *Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas, etc. en diversas redes de colaboración como internet.*
- *Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles*

Os medios máis dinámicos para permitir unha comunciación fluída entre todos os axentes do proceso educativo son: os blogs, as páxinas web do centro e do Departamento e o correo electrónico.

A información que parte do centro educativo cara o resto da comunidade escolar faise a través da páxina web, por iso é importante que o Departamento de Inglés mantéña un apartado nela co súa propia páxina web, aínda que o profesorado poida, a nivel persoal, publicar nese apartado ou noutro da páxina todo tipo de anuncios ou noticias de calquera xeito. Ademais, inclúense enlaces directos aos blogs persoais que mantéña o profesorado de inglés do centro.

2.6. Proxectos europeos / Erasmus+. Seccións bilingües. Centro plurilingüe.

A competencia polo talento dentro dun mundo globalizado é unha realidade que incide con forza nos proxectos educativos dos centros escolares, e unha robusta e decidida aposta pola dimensión internacional do ensino é imprescindible para lograr unha educación da máis alta calidade. O noso Departamento de Inglés vén apostando dende hai máis de dúas décadas por potenciar esta dimensión internacional, espazo privilexiado para o desenvolvemento das competencias clave (CC) e para facer dos nosos alumnos auténticos cidadáns europeos.

Seguindo un proxecto a longo prazo moi ambicioso, especialmente dende o ano 2000, o Departamento de Inglés foi pioneiro na participación en Seccións Bilingües, seguindo a metodoloxía CLIL. Dende 2012, as Seccións Bilingües son unha realidade consolidada.

Por outra banda, participamos dende o ano 2000 en numerosos proxectos internacionais Comenius (agora Erasmus+ KA-2) bilaterais e multilaterais, case sempre como coordinadores. Asemade, dende 2010 fomos tamén pioneiros en España na nosa aposta pola acción Comenius-MAC (agora Erasmus+ KA-2 de longa duración), obtendo a primeira mención de boas prácticas concedida polo OAPEE / SEPIE.

O perfil internacional do ensino, que leva aparelado o profundo desenvolvemento das Competencias Clave, vén sendo unha das achegas fundamentais do noso Departamento ao proxecto xeral do Instituto.

A seguinte táboa é un resumo das actividades que levamos a cabo este curso:

Actividades	Profesorado
Erasmus+ KA-2 multilateral “The Reality of European Migration: Re-establishing a European Identity through Cultural Integration and an Active Life” - REM (programa bianual (2019-21). Tres programas con mobilidades de alumnado curta (dous) e longa (unha). Coordinadora.	Lorena Barrera Fernández
Erasmus+ KA-2 multilateral “Include me. Education into Integration” – IMEI (programa bianual (2020-22). Pendente de confirmación.	Juan Carlos García Lorenzo
Coordinación lingüística da Sección Bilingüe “Tecnoloxía”, 2º ESO.	María José Fernández Senande
Coordinación lingüística da Sección Bilingüe do Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.	Juan Carlos García Lorenzo
Coordinación da auxiliar de conversa.	Juan Carlos García Lorenzo

Seccións Bilingües

Materia: Tecnoloxía Bilingüe.

Curso: 2º ESO.

Profesora: Covadonga Yugueros Valbuena.

Coordinadora do Departamento de Inglés: María José Fernández Senande.

Materia: Actividades Físico-deportivas de Equipo Bilingüe.

Curso: Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

Profesor: Ricardo Saavedra Rosado

Coordinador do Departamento de Inglés: Juan Carlos García Lorenzo.

O profesorado reúnese semanalmente para a elaboración de materiais para traballar na aula, asesorar ao profesor da materia no uso do inglés como lingua vehicular, avaliar tarefas do alumnado e do traballo realizado polo profesorado así como propor novas actividades e metodoloxía a empregar.

Programas europeos

Programas bilaterais e multilaterais dentro do marco dos programas europeos Sócrates / PAP / Erasmus+ dende 1999-2000.

Título dos proxectos en marcha:

Título do proxecto	Profesor / a
Erasmus+ KA-2 multilateral “The Reality of European Migration: Re-establishing a European Identity through Cultural Integration and an Active Life” - REM (programa bianual (2019-21)). Tres programas con mobilidades de alumnado curta (dous) e longa (unha).	Lorena Barrera Fernández (Coordinadora)

O Departamento participa tamén na nova realidade do Insituto como centro plurilingüe dende o curso 2019-20 cunha hora de clase de Inglés para o alumnado do ciclo (TSAFAD).

Profesora do Ciclo: Beatriz Veiga Rodríguez.

O alumnado que participa en mobilidades do programa europeo Erasmus+ terá e mesma consideración que o alumnado afectado por medidas de atención á diversidade e o profesorado terá en conta esta situación.

2.7. Actividades extraescolares e complementarias

Temos intención de participar nas seguintes actividades:

- Ciclo de conferencias do programa “A Ponte da USC” da Universidade de Santiago de Compostela.
- Actividades en inglés organizadas polo Concello ou outras institucións.
- Calquera outra que poida xurdir a longo do curso.

Estas actividades poden consultarse no PXA do centro.

O profesorado do Departamento tamén participa en moitas outras actividades como coordinadora da Aula de Convivencia, titor/a do “Practicum” do Master de Profesorado das Universidades galegas; ou nas actividades promovidas pola Biblioteca e polo EDLG do noso centro; por citar só algunhas.

3. DESEÑO CURRICULAR

3.1. O Currículo e os seus elementos. Conceptos básicos da LOMCE

A definición de currículo que a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa recolle no seu artigo 6 é a seguinte: “enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.”

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

a) Os **obxectivos** de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas con tal fin.

b) As **competencias**, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

d) A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

e) Os **criterios de avaliación** do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ao que se pretende lograr coa materia.

f) Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis**: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber, e saber facer, en cada materia. Deben permitir graduar o coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliábeis, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

3.2. Obxectivos adaptados ao contexto

Obxectivos ESO	
a	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
o	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á

	comunidade lusófona.
Obxectivos BAC	
a	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
ñ	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
o	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
p	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.3. Competencias clave (CC)

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as *competencias clave*. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un

importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ao desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polo alumnado (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida (*lifelong learning*), facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumnado transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumnado para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a

comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

▪ **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

▪ **Aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

▪ **Competencias sociais e cívicas**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta. Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións

lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

3.4. Metodoloxía

3.4.1. Metodoloxía Didáctica

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe do alumnado é os seus primeiros coñecementos previos. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno/a, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. O alumnado non só terá que adquirir uns coñecementos, senón que deberá ser capaz de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que o alumnado non só sexa capaz de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

O alumnado aprende de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso a nosa Programación está deseñada para ser utilizada con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles alumnos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no *Class Book*. Están explicadas no *Teacher's Book* e poden ser de grande utilidade para a tarefa diaria do profesor.

A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade se basea na actividade. No noso proxecto, o alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva

e axustada ao nivel que mostra o alumnado, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os alumnos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o alumnado anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal do alumnado na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo no alumnado. O noso proxecto toma en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do alumno/a mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumnado aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

3.4.2. Organización de tempos, agrupamentos e espazos

O tempo, entendido como o dedicado ao ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia. A programación que se formula neste documento deberá ser adaptada por cada profesor de acordo aos seus horarios e ritmos da clase.

Este Departamento conta cunha importante biblioteca metodolóxica para uso do profesorado da materia, e cunha “readers library” con exemplares que van dende o nivel *beginner* ata o *upper-intermediate*, que vai incrementando ano a ano e que se xestiona directamente co alumnado mediante un sistema de empréstitos, a través da biblioteca do centro ou directamente desde o Departamento. Esta biblioteca constitúe un banco de materiais curriculares de inestimable axuda no establecemento dos programas de lectura tanto obrigatoria como voluntaria organizados polo Departamento. Durante o transcurso dos últimos anos esta biblioteca incrementouse no referente a libros de lectura adaptados aos distintos niveis e acompañados de CD para que os alumnos poidan mellorar a comprensión auditiva ao mesmo tempo cá comprensión lectora.

Un gran número destes libros están na biblioteca do centro para facilitar o acercamento deste material en lingua inglesa ao alumnado. Hai tamén na biblioteca do centro un certo número de exemplares de cada libro de lectura obrigatoria de cada nivel, ademais de ter algúns no Departamento, para que sexa máis fácil para o alumnado levalos empréstados.

O profesorado podera prestar calquera libro do Departamento a calquera membro da comunidade educativa, sempre despois de rexistrar o préstamo.

O instituto “Nosa Señora dos Ollos Grandes” conta cunha Aula de Inglés que dispón dun computador conectado a un canón, un aparato reprodutor de vídeo, un aparato reprodutor de DVD e un aparato reprodutor de CDs - todos eles conectados a altosfalantes situados nas catro esquinas da aula – e un encerado dixital. Para que o maior número de profesores/as e mais de alumnos/as podan facer uso de todos estes medios tecnolóxicos, cada ano distribuímos as horas nesta aula dun xeito o máis equitativo posible entre todos o profesorado do Departamento.

Durante o curso 2020-21 o noso centro seguirá contando con aulas do Proxecto Abalar para todos os grupos de 1º e 2º da ESO, todas elas co libro dixital incorporado nos ordenadores.

3.4.3. Medidas de atención á diversidade do alumnado. Materia pendente.

As titorías, e especialmente as titorías presenciais na ESO, xunto coas medidas de atención á diversidade do alumnado, son aspectos que, inxustamente, non adoitan ter a mesma proxección que outras actividades como os programas europeos ou as seccións bilingües. Non obstante, para este Departamento son unha das pezas fundamentais do noso proxecto educativo. O labor, as veces desapercibido para a meirande parte da comunidade educativa é fundamental para o alumnado máis vulnerable, aínda que impón un enorme esforzo ao profesorado, esforzo non sempre recoñecido.

O enfoque do Departamento de Inglés para atender á diversidade do alumnado trata de dar resposta non só aos distintos niveis de coñecemento e de desenvolvemento das destrezas lingüísticas, senón tamén ás moi variadas capacidades de aprendizaxe do alumnado. Por iso, o espectro da axuda que ofertamos dentro do Departamento é moi variada.

Por unha banda, dentro da aula, durante o transcurso das clases, o profesorado ten que enfrentarse a grupos moi dispares en canto a coñecementos da lingua estranxeira. Para facer

fronte a esta diversidade do alumnado en calquera nivel, o profesorado levará a cabo as seguintes tarefas:

a) Diversidade de tarefas.

Frecuentemente propoñeranse, en textos orais e escritos, un par de tarefas, unha máis fácil e unha máis difícil. En canto a actividades de falar e escribir, os alumnos/as poderán elixir entre opcións moi libres ou máis guiadas. En moitos casos, os profesores/as poderán axudar aos alumnos/as, individualmente, a elixir a tarefa que sexa máis apropiada para eles; en outros casos será o/a profesor/a quen decidirá que actividade terá que facer cada quen.

b) Tarefas específicas para estudantes que acaben moi rápido:

Serán tarefas específicas para aqueles/as alumnos/as que acaben antes que a meirande parte da clase e que os manterán ocupados ao mesmo tempo que aliviarán a sensación de frustración dos que aínda non acabaron.

c) Tarefas especiais para os alumnos/as cunha boa base:

Son tarefas máis complicadas, ás veces dun nivel superior, apropiadas unicamente para o alumnado con nivel máis alto.

d) Axudas especiais:

Trátase de axuda especial para os estudantes con máis problemas, especialmente en gramática e en vocabulario. Estas tarefas poden ser deberes para facer na casa, ou como traballo de clase, segundo o profesor considere oportuno.

O profesorado do Departamento de Inglés do noso centro cre que un dos mellores xeitos de mellorar o coñecemento doutro idioma é grazas ao contacto con el, por iso insiste ao seu alumnado na necesidade de ver películas en inglés e con subtítulos en inglés (que se prestan a través do Departamento) e en ler libros acompañados do seu correspondente CD para mellorar a comprensión auditiva. Algúns profesores/as animan ao alumnado a escribir un pequeno resumo ou redacción sobre o que viron ou leron como traballo voluntario para valorar dalgún modo o seu esforzo.

Nun nivel distinto de traballo, gustaríanos establecer tres modalidades distintas de atención á diversidade: reforzos, desdobres e PMAR, pero debido á falta de profesorado só podemos contar con algúns desdobres, e, se é posible, con clases de apoio ao alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.

O alumnado que participa en mobilidades do programa europeo Erasmus+ ten a mesma consideración que o alumnado afectado por medidas de atención á diversidade e o profesorado ten en conta esta situación.

Materia pendiente de cursos anteriores

Sempre que sexa posible, este Departamento dedicará unha hora semanal a actividades de reciclaxe e recuperación pensadas para axudar ao alumnado coa materia pendiente dos cursos anteriores: 1º, 2º e 3º da ESO e 1º BAC.

Son clases orientadas a diminuír o fracaso escolar. As sesións realizaranse fóra do horario oficial e serán de carácter voluntario pero, xa que nelas se prepara a materia concreta de recuperación de cada nivel, anímase ao alumnado a asistir durante todo o curso e tómase nota de quen así o faga para consideralo un mérito para obter ata un punto positivo na avaliación final. Obviamente, terase en conta non só a asistencia, senón tamén a entrega dos traballos propostos e o aproveitamento en xeral da actividade. Polo tanto, o alumnado que non asista a clase ou non realice as tarefas propostas dun xeito regular, poderá, a criterio do profesorado, perder o dereito a asistir a estas clases.

Para facer un seguimento da evolución do alumnado ao longo do curso, faranse tres exames que coincidirán coas avaliacións, de xeito que as familias reciban con cada boletín de notas a cualificación desta materia pendiente. As datas destes exames son fixadas pola Xefatura de Estudos en coordinación co Departamento.

Para motivar ao alumnado e, ao mesmo tempo, valorarlle o esforzo ao longo do curso, aqueles/as alumnos/as que aproben as dúas primeiras probas (correspondentes á primeira e segunda avaliacións) aprobarán a materia e non terán que presentarse ao exame final.

En caso de non se poderen impartir as clases de reforzo para o alumnado coa materia pendiente, o profesorado de referencia fará o seguimento e asesoramento deste alumnado para facilitarlle a superación da materia. O alumnado contará coas seguintes posibilidades de aprobar:

- Superando as dúas primeiras avaliacións do curso de referencia.
- Superando a proba extraordinaria a final de curso da materia pendiente, segundo a lexislación vixente.

Nesta circunstancia, non constarán nos boletíns de cualificacións as notas correspondentes ás avaliacións parciais en relación coas materias pendentes.

No presente curso 2020-21 non hai practicamente alumnado coa materia pendiente polo que non é segura a impartación destas clases.

Desdobres

Este Departamento é partidario de facer tantos desdobres como sexa posible. Non obstante, este ano debido á redución do número de alumnos por grupo non hai desdobres específicos de Inglés:

Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para o alumnado con necesidades educativas especiais

As adaptacións poderanse centrar en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Apoio dentro da aula por especialistas, persoal complementario ou outro persoal.
3. Metodoloxía máis personalizada.
4. Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
5. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
6. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
7. Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
8. Aumentar a atención orientadora.
9. Atención educativa ao alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
10. Enriquecemento curricular.
11. Avaliacións adaptadas ás necesidades deste alumnado.

A seguinte é una táboa-resumo de actividades:

Actividades	Profesorado
Titoría presencial (ESO) Titoría non presencial (BAC)	Lara María Campo Resco. María José Fernández Senande. Ana María Rodríguez López. Lorena Barrera Fernández. María del Mar Villar Rodil.
Sesións de recuperación para o alumnado coa materia de inglés pendente do curso anterior.	Non hai clases este ano.
Preparación de material específico para alumnado con necesidades especiais (ACI, alumnado con parálise cerebral e autismo, con graves problemas de visión, síndrome de Asperger, TDAH, alumnado estranxeiro con problemas de nivel, etc.).	Todo o profesorado.

3.5. Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR)

Segundo a Resolución do 15 de xullo de 2016 (DOG 01/08/2016): “Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.”

A concreción curricular será elaborada a partir das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, segundo se establece na Resolución do 15 de xullo de 2016 (DOG 01/08/2016).

Na materia de Lingua Inglesa 3º PMAR, o material curricular empregado é unha versión simplificada de 3º ESO. Faise incidencia e refórzanse todos os contidos, procedementos e desenvolvemento de capacidades mediante actividades complementarias nas que se traballan as catro destrezas. O labor de ensino-aprendizaxe é personalizada, atendendo ás características individuais de cada alumno/a e interaccionando con e entre eles/as de xeito continuado. A avaliación dos elementos do currículo realízase segundo o establecido formalmente para 3º ESO.

Profesora de PMAR: Ana María Rodríguez López.

3.6. Os Reforzos como materias: características

O Departamento de Inglés imparte en 1º e 2º ESO Reforzos de Inglés como materias de libre configuración do centro.

Estas dúas materias están orientadas á consolidación das correspondentes de Inglés e o destinatario é o alumnado con carencias ou dificultades nesta lingua en grupos reducidos dun máximo de 15 alumnos / as.

A avaliación destes Reforzos estará plenamente integrada nas materias de Inglés de 1º e 2º ESO e non terá ningún tipo de valoración independente das mesmas.

Este curso 2020-21 non hai reforzos de Inglés.

3.7. Contidos

Os contidos que conforman esta materia agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

3.7.1. 1º ESO

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.
- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.
- Identificación de palabras clave.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).

IES “Nosa Señora dos Ollos Grandes”

- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.
- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación

- Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ó destinatario, ó contexto e ó canal, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

Execución

- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoo adecuadamente e axustándose, no seu caso, ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:

Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrasis dun término ou unha expresión.

Paralingüísticos:

- Petición de axuda ou clarificación.
- Sinalización de obxectos, usos deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.
- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entonación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

B2.2. Actitude de respecto cara si mesmo/a e cara as demais persoas, para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro, conversación telefónica, compra-venta, e outras igualmente cotiás e básicas.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Movilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabecera, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a

él.

- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e plantexamento de hipótesis sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

B4.1. Estratexias de produción:

Planificación

- Movilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas a fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere decir, etc.).
- Localización e uso adecuados de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
- Uso de elementos coñecidos leídos nun texto escrito para elaborar os propios textos.

Execución

- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta de ésta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Recurso ós coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo “agora volvo”, “xa nos veremos”, etc.).

Revisión:

- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Atención ás convencións ortográficas e ós signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).
- Reescritura definitiva.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:

- Sonidos e fonemas vocálicos.
- Sonidos e fonemas consoánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Acercamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións;

condicións de vida (vivienda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas no costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitud receptiva e respetuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

B5.4. Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.
- Petición e oferta de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio natural, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.

B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so + Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*first conditional*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences, tags*).
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Whquestions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*); habitual (*simple tenses + Adv., e. g. usually*); *used to*); incoativo (*start + verb+ ing*); terminativo (*stop + verb+*

- ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obrigación (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
 - Expresión da existencia (e. g. *there will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (e. g. *good at maths; rather tired*).
 - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. *all (the), most, both, none*. Degree: e. g. *really; quite; so; a little*).
 - Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
 - Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)*).
 - Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*). Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (*xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal*).
 - Uso de elementos cuasiléxicos (*hum, puah, etc.*) de valor comunicativo.
 - Uso dos elementos prosódicos sinxelos (*pausas, ritmo e entonación*) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

3.7.2. 2º ESO

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.
- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).
- Identificación de palabras clave.
- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.
- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).
- Formulación de hipótesis sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipótesis sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipótesis a partir da comprensión de novos elementos.

▪ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación

- Identificación do contexto, do destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

Execución

- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:

Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.
- Petición de axuda ou clarificación.

Paralingüísticos:

- Sinalización de obxectos, usos deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.
- Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).
- Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

B2.2. Actitud de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.

B2.4. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

B4.1. Estratexias de produción:

Planificación

- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).
- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.).

Execución

- Elaboración dun borrador.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta de ésta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles.
- Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe “prefabricada”, etc.).

Revisión:

- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).
- Reescritura definitiva.

B4.2. Características textuais:

- Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consoánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.
- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

B5.4. Plurilingüismo:

IES “Nosa Señora dos Ollos Grandes”

- Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.
- Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua extranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.
- Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais.
- Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións).
- Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.

B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*if; unless*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentence; tags*).
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful trip!; How + Adj., e. g. How amazing!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great! Terrific!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*); habitual (*simple tenses + Adv., e. g. usually*); *used to*); incoativo (*start -ing*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. there will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (*e. g. good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: *e. g. all (the), most, both, none*. Degree: *e. g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction,*

- *origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)*).
- Expresión do modo (Adv.and phrases of manner, e. g. easily; by post).

3.7.3. 3º ESO

▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).
- Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación

- Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ó destinatario, ó contexto e ó canal, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

Execución

- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.
- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta dela) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.

Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrasis dun término ou unha expresión.

- Petición de axuda ou clarificación.

Paralingüísticos:

- Sinalización de obxectos, usos deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entonación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.

B2.3. Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.

B2.4. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
<p>B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).</p>	<p>CL AA CEC</p>
<p>B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.</p>	<p>PLEB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>	<p>CL AA CEC</p>
<p>B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CL CD AA CEC</p>
<p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		

4.2.2. Elementos de avaliación en 2º ESO

ELEMENTOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. 	CL CD AA CEC SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar. 	CL AA CEC SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. 	CL CD AA CEC SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). 	CL AA CEC CD SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas. 	CL AA CEC CD SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez. 	CL CD AA CEC SC

Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións. 	<p>CL CD AA CEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.2. Aposa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<p>CL CD AA CEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. 	<p>CL CD AA CEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando. 	<p>CL CD AA CEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiáns, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. 	<p>CL AA CEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<p>CL CD AA CEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando. 	<p>CL CD AA CEC</p>

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual. ▪ B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión). 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico. 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel. 	CL CD AA CEC SC

Bloque 4. Producción de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo. ▪ B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Escribse textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. 	CL CD AA CEC SC

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<p>convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións. 		
<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación. 		

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<p>CL AA CEC CD SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes. 	<p>CL AA CEC CD SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.) 	<p>CL CD AA CEC CD SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos 	<p>CL CD AA</p>
<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para 		

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<p>establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>▪ B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p> <p>▪ B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.</p> <p>▪ B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>	<p>CEC CD SC</p>
	<p>▪ PLEB5.5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.</p>	<p>CL AA CEC CD SC</p>
	<p>▪ PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).</p>	<p>CL AA CEC CD SC</p>
	<p>▪ PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>	<p>CL AA CEC CD SC</p>
		<p>CL CD AA CEC CD SC</p>

4.2.3. Elementos de avaliación en 3º ESO

ELEMENTOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p>	<p>PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).</p>	<p>CL CD AA CEC</p>
<p>B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e claridade.</p>	<p>PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	<p>CL AA CEC</p>
<p>B1.3. Comprender os puntos principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	<p>PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).</p>	<p>CL CD AA CEC</p>

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.	CL AA CEC
B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas que teñen lugar na súa presenza, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	CL AA CEC
B1.6. Comprender preguntas, solicitude de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	CL CD AA CEC
B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén cun apoio de imaxes moi redundantes.	PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.	CL CD AA CEC

Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.	PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CL CD AA CEC
B2.2. Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de xeito suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns.	PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	CL CD AA CEC
B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora.	PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	CL CD AA CEC

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din.	PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	CL CD AA CEC
B2.5. Participar en conversas básicas sobre temas predicibles e con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, reaccionar perante invitacións e propostas), e expresar sentimentos e opinións de forma básica.	PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	CL AA CEC
B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.	PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.	CL CD AA CEC

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	CL CD AA CEC
B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.	PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou da Internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	CL CD AA CEC
B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiás, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.	PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.	CL CD AA CEC
B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	CL CD AA CEC
B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses	PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CL CD AA CEC
	PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo,	CL CD AA

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<p>nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.</p>	sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).	CEC
	PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.	CL CD AA CEC

Bloque 4. Producción de textos escritos

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<p>B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p> <p>B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto).</p> <p>B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).</p> <p>B4.4. Escribir, en soporte impreso ou nas redes sociais, textos sinxelos e breves (notas, cartas persoais, postais, felicitacións, etc.), que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de primeira necesidade ou do seu interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde léxica.</p> <p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.	CL CD AA CEC
	PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.	CL CD AA CEC
	PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).	CL CD AA CEC
	PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.	CL CD AA CEC
	PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.	CL CD AA CEC
	PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	CL CD AA CEC
	PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	CL CD AA CEC

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
-------------------------	---------------------------------------	--------------------

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.	CL AA CEC
B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.	PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.	CL AA CEC
B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.	PLEB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.	CL CD AA CEC
B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorna e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesia máis importantes nos contextos respectivos.	PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	CL CD AA CEC
B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.	PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	CL AA CEC
B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).	PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.	CL AA CEC
B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).	PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).	CL AA CEC
B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.	PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.	CL CD AA CEC
B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar	PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CL CD AA CEC
B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar		CL CD AA CEC

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<p>información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p> <p>B5.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		

4.2.4. Elementos de avaliación en 4º ESO

ELEMENTOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiás en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional. ▪ B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. ▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). ▪ PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. ▪ PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo 	<p>CL CD AA CEC SC</p> <p>CL AA CEC SC</p> <p>CL CD AA CEC</p> <p>CL AA CEC SC</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<p>fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan. 	<p>técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).</p>	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. 	<p>CL AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). 	<p>CL CD AA CEC SC</p>	

Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación. ▪ B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación. ▪ B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. 	<p>CL CD AA CEC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<p>vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas. ▪ B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora. ▪ B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. ▪ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. ▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. 	<p>CL CD AA CEC SC</p> <p>CL AA CEC SC</p> <p>CL CD AA CEC SC</p>

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.). ▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiás ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico. ▪ B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). ▪ PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. ▪ PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). ▪ PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas 	<p>CL CD AA CEC SC</p> <p>CL CD AA CEC SC</p> <p>CL CD AA CEC SC</p> <p>CL CD AA</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.	significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida releer as seccións difíciles.	CEC SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 	CL CD AA CEC SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadia de estudos no estranxeiro). 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). 	CL CD AA CEC SC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. 	CL CD AA CEC SC

Bloque 4. Producción de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. 	CL CD AA CEC SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. 	CL CD AA CEC SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. 	CL CD AA CEC SC

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<p>electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria. ▪ B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. ▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles. ▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). ▪ B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. 	<p>CL AA CEC CD SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. 	<p>CL AA CEC CD SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. 	<p>CL CD AA CEC SC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos 	<p>CL AA CEC CD SC</p>

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
(por exemplo, de carácter histórico ou literario).	interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. 	CL AA CEC CD SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. 	CL AA CEC CD SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	CL AA CEC CD SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituintes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restructuración da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo). 		CL AA CEC CD SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión. 		CL AA CEC CD SC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. 		CL AA CEC CD SC

4.2.5. Elementos de avaliación en 1º BAC

ELEMENTOS DE AVALIACIÓN:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Craterios de AVALIACIÓN	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os	PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre	CCL CAA

Criterios de AVALIACIÓN	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias clave
<p>detalles relevantes ou a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinaladas.</p>	<p>a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p>	<p>CSC CCEC</p>
<p>B1.2. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade media ou normal, que traten de temas tanto concretos como abstractos dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B1.3. Comprender o esencial de conversas ou debates reais entre varias persoas interlocutoras, e de descrições e narracións breves re producidas por medio de dispositivos multimedia (radio, televisión, vídeo, internet, etc.), expresadas nunha linguaxe sen sentidos implícitos nin usos idiomáticos.</p>	<p>PLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B1.4. Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos orais transmitidos por medios técnicos, claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o que se dixo.</p>	<p>PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B1.5. Recoñecer as fórmulas de contacto social e as normas de cortesía, e as utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa das persoas que as utilizan en situacións comunicativas variadas, relativas a temas coñecidos ou de interese persoal, emitidos en lingua estándar, nun rexistro neutro, formal ou informal, que conteñan variedade de expresións, estruturas e locucións idiomáticas frecuentes, e termos habituais e cultos de uso común non especializados.</p>	<p>PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B1.6. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde).</p>	<p>PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B1.7. Comprender a información esencial de conversas ou discusións en que se traten temas cotiáns xerais ou do seu interese (necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer, se as persoas participantes articulan con claridade, pausadamente e en lingua estándar, e se non hai interferencias acústicas.</p>	<p>PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B1.8. Recoñecer os significados e as intencións comunicativas expresas de patróns sonoros,</p>	<p>PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz</p>	<p>CCL CAA</p>

Criterios de AVALIACIÓN	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<p>acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo o interese ou a indiferenza), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.9. Perseverar por acceder ao sentido do texto oral (cambiando o tipo de escoita, pedindo axuda ou escoitando varias veces os textos gravados) aínda que en ocasións e mesmo con frecuencia, as hipóteses de significado do texto oral non poidan ser verificadas con claridade.</p>	<p>como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoraseviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.</p> <p>PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.</p>	<p>CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción		
<p>B2.1. Facer un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación de carácter xeral, para expresar distintos significados segundo as demandas do contexto.</p> <p>B2.2. Amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe, aínda que poida haber algunhas pausas, para buscar palabras e vacilacións na expresión dalgunhas ideas máis complexas.</p> <p>B2.3. Adecuar a produción do texto oral ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema.</p> <p>B2.4. Producir textos atendendo á súa planificación e utilizando estratexias de comunicación como o uso de circunloquios, paráfrases ou substitucións léxicas que permiten sacar proveito dos medios lingüísticos dispoñibles.</p> <p>B2.5. Construír textos coherentes e ben estruturados sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiás ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico.</p> <p>B2.6. Coñecer, seleccionar con atención e saber aplicar con eficacia as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, tentado novas formulacións e combinacións dentro do propio repertorio, e corrixiendo os erros (por exemplo, en tempos verbais, ou en referencias temporais ou espaciais) que conducen a malentendidos se a persoa interlocutora indica que hai un problema.</p> <p>B2.7. Realizar una presentación oral planificada</p>	<p>PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestiónsprácticas; expresa con amabilidade crezas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos..</p> <p>PLEB2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico</p> <p>PLEB2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción).</p> <p>PLEB2.4. . Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidadee pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.</p> <p>PLEB2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB2.6. . Inicia, mantén e finaliza espontaneamente</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL</p>

Criterios de AVALIACIÓN	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias clave
<p>de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos propios da idade e do nivel de estudos, nunha secuencia lineal, apoiándose en notas e elementos gráficos, e respondendo a preguntas complementarias de carácter previsible.</p> <p>B2.8. Amosar certa flexibilidade na interacción polo que respecta aos mecanismos de toma e cesión do quenda de palabra, a colaboración coa persoa interlocutora e o mantemento da comunicación, aínda que poida que non sempre se faga de maneira acertada.</p>	<p>con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións. ▪ PLEB.2.8. Cooperar na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. 	<p>CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos		
<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes do texto, a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas, claramente sinalizadas.</p> <p>B3.2. Distinguir tanto a función ou as funcións comunicativas principais do texto como as implicacións facilmente discernibles; apreciar as intencións comunicativas derivadas do uso de expoñentes das devanditas funcións, e identificar os propósitos comunicativos xerais asociados a distintos formatos, patróns e estilos discursivos típicos.</p> <p>B3.3. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e que traten temas tanto abstractos como concretos dentro do propio campo de especialización ou interese, nos ámbitos persoal, público, educativo ou ocupacional ou laboral, sempre que se poidan ler as seccións difíciles.</p> <p>B3.4. Distinguir e aplicar á comprensión do texto escrito as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde).</p> <p>B3.5. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e relacionados cos propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público e educativo, ben estruturados en</p>	<p>PLEB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.</p> <p>PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.</p> <p>PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.</p> <p>PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).</p> <p>PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou</p>	<p>CCL CAA CSC</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL CSC CCEC</p>

Criterios de AVALIACIÓN	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
<p>registro estándar da lingua, e escritos de xeito claro e sinxelo.</p> <p>B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e clara, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos.</p>	<p>compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).</p> <p>PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).</p>	<p>CCL CSC CCEC</p>
Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción		
<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude, por exemplo, desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria, a partir dun guiño previo.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B4.2. Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre una serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios intereses ou as especialidade, facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico, segundo o contexto de comunicación.</p>	<p>PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B4.3. Adecuar a produción do texto escrito ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema.</p>	<p>PLEB4.3 Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común con fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou función comunicativas correspondentes.</p>	<p>PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, etc.) atendendo non só á corrección ortográfica da palabra, senón tamén ao uso de maiúsculas e minúsculas, e signos de puntuación</p>	<p>PLEB4.5 Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes, e escribir notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p>	<p>PLEB4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes, e escribir notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional nas que pide ou transmite</p>	<p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaa con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Criterios de AVALIACIÓN	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias clave
<p>información sinxela de carácter inmediato, salientando os aspectos que se consideran importantes, empregando a estrutura e características propias deste tipo de texto (cabeceira, despedida, sinatura, marxes, etc.).</p>	<p>especialidade.</p> <p>PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</p>		
- O libro de lectura obrigatoria será parte desta proba para o alumnado que non a tivese superada na avaliación ordinaria. En caso contrario, a porcentaxe correspondente engadirase á proba correspondente aos Bloques 3-5.

4.3.5. 1º BAC

Lenda:

Bloque 1: Comprensión de textos orais (*Listening*).

Bloque 2: Produción de textos orais: Expresión e interacción (*Speaking*).

Bloque 3: Comprensión de textos escritos (*Reading*).

Bloque 4: Produción de textos escritos (*Writing*).

Bloque 5: Coñecemento da lingua e conciencia intercultural (Fonética, Léxico, Gramática, aspectos culturais da lingua).

Avaliación ordinaria

O baremo será o seguinte:

	Estándares avaliables	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
BLOQUE 1	Todos	50%	10%	Proba oral Proba escrita	Todas as indicadas
BLOQUE 2	Todos	50%	20%	Proba oral	Todas as indicadas
BLOQUES 3-5	Todos	50%	70%	Probos orais e escritas (70%) Portfolio* Libro de exercicios* Traballo individual* Traballo en grupo* Rúbricas*	Todas as indicadas

*A criterio do profesorado.

Observacións:

Bloques 3-5

- Actividades relacionadas cos libros de lectura obrigatoria.
- Cada profesor/a decidirá que parte desta porcentaxe dedica a cada un dos seguintes apartados:

- Actividades escritas que inclúan respostas a preguntas de comprensión de textos.
- Redacción de textos de diversa tipoloxía..
- Exames ou preguntas sobre temas de fonética, gramática, vocabulario e aspectos culturais da lingua.
- Actividades relacionadas cos libros de lectura obrigatoria para forzar á aprendizaxe de vocabulario e estruturas gramaticais. Algunhas destas actividades son as seguintes: contestar preguntas de comprensión xeral ou específica (*multiple choice; true/false, etc.*); encontrar no texto palabras ou expresións que correspondan a unha definición, etc.
- O libro de lectura obrigatoria poderá ser avaliado co uso de probas orais, escritas ou ámbalas dúas.
- No caso de non poder realizar a proba de produción de textos orais (Bloque 2 *speaking*) nalgunha avaliación, a porcentaxe correspondente engadirase á nota das probas dos Bloques 3-5. Non obstante, e a criterio do profesorado, poderá manterse a cualificación da avaliación anterior.
- Poderase valorar con ata un 10% a maiores da nota global o desenvolvemento de actividades extras propostas polo profesorado – sempre e cando o/a alumno/a acadara un 5 na nota global antes de engadir este 10%. Non poderá optar a esta posibilidade o alumnado que estea nas seguintes circunstancias:
 - Ter algún apercibimento por escrito por ausencias inxustificadas ou por conduta inadecuada na clase.
 - Non ter aprobadas as lecturas obrigatorias.
 - Non ter realizado con regularidade durante o curso os traballos e exercicios obrigatorios.
- Poderase reducir ata 0,5 puntos da nota do exame escrito por mala presentación. Esta posibilidade é aplicable a todas as avaliacións, ordinarias e extraordinarias.

Avaliación extraordinaria

- Todo o antedito para a avaliación ordinaria é válido tamén, cando proceda, para a extraordinaria cos seguintes matices.
- No caso de non poder realizar a proba de comprensión de textos orais (Bloque 1 *listening*), a porcentaxe correspondente engadirase á nota das probas dos Bloques 3-5.
- No caso de ter aprobada na avaliación ordinaria a proba do Bloque 2 (*speaking*) o profesorado poderá conservar a nota para a cualificación da avaliación extraordinaria ou ben engadir o seu peso (20%) á proba dos Bloques 3-5.
- O libro de lectura obrigatoria será parte desta proba para o alumnado que non a tivese superada na avaliación ordinaria. En caso contrario, a porcentaxe correspondente engadirase á proba correspondente aos Bloques 3-5.
- Poderase aplicar o criterio anterior a outras probas, por exemplo, de léxico, non superadas na avaliación ordinaria.

Avaliación ordinaria do alumnado coa materia pendente de 1º BAC

- Todo o antedito para a avaliación ordinaria é válido tamén, cando proceda, para a avaliación ordinaria do alumnado coa materia pendente cos seguintes matices.

- No caso de non poder realizar a proba de comprensión de textos orais (Bloque 1 *listening*), a porcentaxe correspondente engadirase á nota das probas dos Bloques 3-5.
- O peso na cualificación dos Bloques 3-5 será do 60% e o traballo e esforzo no grupo de referencia e nas clases de reforzo se as houber poderase valorar ata un 10%.

Avaliación extraordinaria do alumnado coa materia pendente de 1º BAC

- Todo o antedito para a avaliación ordinaria é válido tamén, cando proceda, para a avaliación extraordinaria do alumnado coa materia pendente cos seguintes matices.
- O peso na cualificación da proba do Bloque 1 (*listening*) poderase engadir ao dos Bloques 3-5.
- No caso de ter aprobada na avaliación ordinaria a proba do Bloque 2 (*speaking*) o profesorado poderá conservar a nota para a cualificación da avaliación extraordinaria ou ben engadir o seu peso (20%) á proba dos Bloques 3-5.

4.3.6. 2º BAC

Lenda:

Bloque 1: Comprensión de textos orais (*Listening*).

Bloque 2: Produción de textos orais: Expresión e interacción (*Speaking*).

Bloque 3: Comprensión de textos escritos (*Reading*).

Bloque 4: Produción de textos escritos (*Writing*).

Bloque 5: Coñecemento da lingua e conciencia intercultural (Fonética, Léxico, Gramática, aspectos culturais da lingua).

Avaliación ordinaria

O baremo será o seguinte:

	Estándares avaliables	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
BLOQUE 1	Todos	50%	15%	Proba oral Proba escrita	Todas as indicadas
BLOQUE 2	Todos	50%	15%	Proba oral	Todas as indicadas
BLOQUES 3-5	Todos	50%	70%	Probas orais e escritas (70%) Portfolio* Libro de exercicios* Traballo individual* Traballo en grupo*	Todas as indicadas

*A criterio do profesorado.

Observacións:

Bloques 3-5

- Actividades relacionadas cos libros de lectura obrigatoria.
- Cada profesor/a decidirá que parte desta porcentaxe dedica a cada un dos seguintes apartados:
 - Actividades escritas que inclúan respostas a preguntas de comprensión de textos.
 - Redacción de textos de diversa tipoloxía..
 - Exames ou preguntas sobre temas de fonética, gramática, vocabulario e aspectos culturais da lingua.
 - Actividades relacionadas cos libros de lectura obrigatoria para forzar á aprendizaxe de vocabulario e estruturas gramaticais. Algunhas destas actividades son as seguintes: contestar preguntas de comprensión xeral ou específica (*multiple choice; true/false, etc.*); encontrar no texto palabras ou expresións que correspondan a unha definición, etc.
- O libro de lectura obrigatoria poderá ser avaliado co uso de probas orais, escritas ou ámbalas dúas.
- No caso de non poder realizar a proba de produción de textos orais (Bloque 2 *speaking*) nalguna avaliación, a porcentaxe correspondente engadirase á nota das probas dos Bloques 3-5. Non obstante, e a criterio do profesorado, poderá manterse a cualificación da avaliación anterior.
- Poderase reducir ata 0,5 puntos da nota do exame escrito por mala presentación. Esta posibilidade é aplicable a todas as avaliacións, ordinarias e extraordinarias.

Avaliación extraordinaria

- Todo o antedito para a avaliación ordinaria é válido tamén, cando proceda, para a extraordinaria cos seguintes matices.
- No caso de non poder realizar a proba de comprensión de textos orais (Bloque 1 *listening*), a porcentaxe correspondente engadirase á nota das probas dos Bloques 3-5.
- No caso de ter aprobada na avaliación ordinaria a proba do Bloque 2 (*speaking*) o profesorado poderá conservar a nota para a cualificación da avaliación extraordinaria ou ben engadir o seu peso (15%) á proba dos Bloques 3-5.
- O libro de lectura obrigatoria será parte desta proba para o alumnado que non a tivese superada na avaliación ordinaria. En caso contrario, a porcentaxe correspondente engadirase á proba correspondente aos Bloques 3-5.
- Poderase aplicar o criterio anterior a outras probas, por exemplo, de léxico, non superadas na avaliación ordinaria.
- Poderase valorar con ata un 10% a maiores da nota global o desenvolvemento de actividades extras propostas polo profesorado.

4.3.7. Consideracións finais para a avaliación en ESO e BAC

- A modo de resumo, cómpre clarificar que a avaliación da materia de Inglés nos distintos cursos será continua e sumativa. Deste xeito, a terceira avaliación comprende directa ou indirectamente todos os contidos do curso e superala supón a superación da materia na convocatoria ordinaria. Polo tipo de avaliación proposta e pola propia natureza da materia de Inglés, non se prevén exames finais específicos ou de recuperación, agás de aspectos parciais como os libros de lectura obrigatoria.
- Comportamentos deshonestos nas probas de avaliación: **copiar e plaxiar en exames presenciais ou tarefas en ensino online.**

No caso de que un/unha alumno/a sexa descuberto copiando nun exame, a cualificación do exame será automaticamente de 0 e esta nota poderá ocasionar o suspenso da materia - tamén na convocatoria ordinaria de xuño se a copia ocorre na terceira avaliación. O mesmo é válido nas convocatorias extraordinarias.

Na situación de ensino online e tamén presencial, no caso de que o profesor / a sexa consciente de que as actividades foron copiadas dalgún xeito (de internet, dos compañeiros, etc.) e nos casos nos que o profesorado teña a evidencia de que as tarefas entregadas corresponden a un nivel superior do que pode ter o / a alumno / a nese momento (por usar tradutores automáticos, ou por estar realizadas por nativos ou profesores dalgunha academia) as tarefas, probas ou exames pasarán a cualificarse cun 0, tendo as mesmas consecuencias que no caso de copiar nun exame presencial.

A nosa Programación prevé –véxase o seguinte parágrafo- que a cualificación de 0 ou NP nunha proba (exame oral, libro de lectura, redacción, etc.) poderá supor o suspenso da materia na avaliación correspondente. O mesmo procedemento será aplicado en caso de plaxio nun traballo, proxecto ou similar. Non obstante o antedito, o/a profesor/a tomará en última instancia a decisión definitiva atendendo ás circunstancias específicas de cada caso.

- En todos os casos, e para todos os niveis, **o feito de non realizar unha parte do exame (por exemplo, a redacción (*writing*), ou as preguntas relacionadas coa comprensión escrita do texto), ou de ter una cualificación de cero nunha das partes da porcentaxe da cualificación, poderá significar o suspenso da materia.** Así mesmo, o feito de non ler as lecturas obrigatorias, ou de non presentarse as probas dalgún dos Bloques (por exemplo, *listening* ou *speaking*) poderá impedir que o alumnado aprobe a materia. Na corrección do exercicio de *listening* con formato *multiple choice*, ou resposta múltiple, o profesorado poderá restar a porcentaxe correspondente por cada erro nunha pregunta.
- Na ESO, e especialmente nos primeiros cursos, o traballo diario, o portfolio e máis especificamente o caderno, a observación na aula, etc. terán máis importancia que nos cursos de Bacharelato xa que é onde se establece o hábito de traballo diario e as bases para un enfoque acertado do estudo: toma de notas na clase, práctica diaria, atención ás explicacións do profesorado, respecto ás intervencións dos compañeiros/as, etc.

4.4. Avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluimos a continuación unha plantilla cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ao contexto da aula.	Adecúase parcialmente ao contexto da aula.	Adecúase completamente ao contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para o alumnado.	Iniiciouse o programa de recuperación para o alumnado que o necesitase.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para o alumnado que o necesitase.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

4.5 Elementos transversais

A nosa Programación incorpora e desenvolve o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa trabállanse principalmente a comprensión lectora e oral e a expresión oral e escrita en tódas as unidades, pero tamén se traballan en maior ou menor medida todos os elementos transversais recollidos na lexislación vixente.

Podemos destacar a comunicación audiovisual e as TIC para a busca e contraste de información relacionada coa aprendizaxe da lingua mediante o uso de internet, podcasts, documentais en video ou do libro dixital entre outras ferramentas.

Polo que respecta á educación cívica e constitucional, en todos os cursos se leva a cabo o desenvolvemento de actividades que promoven tanto o traballo cooperativo como colaborador. Exemplo do desenvolvemento das devanditas destrezas son debates sobre temas que suscitan controversia ou conversacións entre o alumnado sobre diversos temas que se formulan en cada unidade. Debido á lealdade á realidade das actividades, os/as alumnos/as conseguen unha comunicación máis satisfactoria e séntense máis motivados/as para participar. O nivel de interacción na aula entre o alumnado é moi alto debido a que a maioría das actividades dirixe os alumnos a unha forma de traballo cooperativo no que a comunicación entre eles é esencial.

Finalmente, o emprendimento é outro elemento que se ten en conta en todos os cursos, debido a que en todas as unidades o alumnado se encontrará con actividades que lle esixirán ser asertivo á hora de dar a súa opinión, flexible e cooperativo. Todas as unidades favorecen o

IES “Nosa Señora dos Ollos Grandes”

desenvolvemento de calidades como a imaxinación, creatividade, confianza en si mesmo ou o sentido crítico. O alumnado adquire autonomía a medida que avanza no coñecemento da lingua.

Xa que logo, podemos afirmar que as linguas estranxeiras son un vehículo privilexiado para o desenvolvemento dos elementos transversais.

ANEXO I: Adaptacións derivadas do curso 19-20 pola situación do Covid19.

1º ESO

VALORACIÓN DERIVADAS DO CURSO 2019/2020

- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Para o curso 20/21 **non se considera necesaria unha modificación inicial da Programación** e os graos de adquisición de estándares serán os que nela se recollen. A aprendizaxe continua desta materia, fai que os contidos que se correspondan cos estándares avaliados sexan traballados dende comezo de curso.

- Aprendizaxes non avaliadas 2019/20.

O alumnado deste nivel procede de varios centros de Educación Primaria da Lugo e da contorna, polo que non hai rexistro dos contidos non impartidos no ano anterior. Polo tanto, farase especial fincapé na avaliación inicial para coñecer as características individuais do alumnado e identificar os contidos menos traballados.

- Estratexias metodolóxicas

O proceso de ensino no curso 2020/21 non supón inicialmente un cambio na metodoloxía recollida na Programación do Departamento. Unha parte da primeira avaliación sempre ten por obxecto un repaso e afianzamento do traballado no curso anterior, polo que xa servirá tamén de recuperación daquel alumnado que tivera máis dificultades.

- Criterios de cualificación.

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe avaliados non serán modificados inicialmente, non se considera tampouco o cambio nos criterios de cualificación dos mesmos.

ENSINO NON PRESENCIAL

Se as condicións hixiénico-sanitarias non permitiran a actividade presencial, incorporaranse as modificacións que correspondan ao momento do curso no que iso suceda. Como punto de partida, establécense as seguintes liñas de actuación.

- Aprendizaxes imprescindibles

Correspóndense cos establecidos polo Departamento para o curso anterior nas adaptacións feitas na PD logo das actuacións derivadas da situación de suspensión do ensino presencial.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.6	PLEB 1.6
B2.1	PLEB 2.1
B3.5	PLEB 3.5
B4.3	PLEB 4.3
B4.6	PLEB 4.6
B5.4	PLEB5.4

- Metodoloxía. Recursos

A utilización do libro en formato papel da editorial Oxford (*Mosaic 1*), así como do libro de exercicios dixital permite o traballo dos contidos independentemente da ubicación presencial ou non do alumnado.

- Manuais de traballo do curso: libro de exercicios (dixital) e libro de texto (papel): *Mosaic 1. Oxford* (ver Programación)
- Libro interactivo da mesma editorial.
- En caso de suspensión de actividade presencial e en función do momento do curso no que se opte por esa medida, proporcionarase ao alumnado acceso aos libros de lectura en formato dixital.
- Vídeos (Internet) como reforzo da materia.
- Materiais extra proporcionados por Oxford (*interactive worksheets, extra practice...*)
- Uso do correo electrónico como canle de comunicación para envío de tarefas e pautas gramaticais de reforzo por parte do profesorado e alumnado.
- Posible uso de Aula Virtual do centro ou Edixgal.
- Comunicación a través da plataforma Abalar para contacto con familias e alumnado.

O uso de plataformas virtuais como Webex e outras será usada para poder facer un seguimento do traballo do alumnado, posibilitando a realización das tarefas coa presenza do profesorado.

- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- Actividades relacionadas co libro de lectura obrigatoria. Lectura, escoita e comprensión de texto.
- Actividades dos manuais usados polo alumnado (en formato papel e dixital).
- Exercicios con actividades de reforzo e recuperación.
- Probas escritas sobre gramática, vocabulario e comprensión de textos.
- Interese e actitude na realización das tarefas.
- Interacción en actividades orais.
- Uso de medios telemáticos: arquivos de correo, plataformas telemáticas.

Instrumentos:

- Rexistro e valoración das actividades recibidas.
- Corrección e rexistro das actividades dixitais realizadas polo alumnado no libro de exercicios interactivo - dixital - online deste nivel.

- Cualificación das probas escritas realizadas.
- Cualificación actividades orais que se fagan, sempre que sexa posible.
- Rexistro e valoración das actividades no libro de traballo dixital.
- Observación e rexistro do uso de ferramentas informáticas e a súa aplicación para aprendizaxe da materia.

- Avaliación

Os criterios usados para a cualificación, corresponderanse inicialmente co indicado na PD. As plataformas citadas anteriormente serán as que faciliten a realización das probas que se programen para a avaliación do alumnado. Deste xeito, se a suspensión abrangue unha avaliación completa, a cualificación do alumnado terá en conta:

- Realización das tarefas no libro de exercicios dixital e aquelas enviadas a través da Aula Virtual/Edixgal. 10% da cualificación.
- Avaliación das probas escritas dos bloques 3-5 da PD. O peso da súa cualificación será un 60%
- O peso da proba oral (*speaking*) será un 20% e a de escoita (*listening*) dun 10%.

No caso da non realización de proba oral ou de escoita, a porcentaxe engadirase aos bloques 3-5.

Se a non presencialidade non abrangue unha avaliación completa, o seguimento do traballo do alumnado no libro de exercicios dixital así como o uso de diferentes plataformas (Aula Virtual/Edixgal) permitirán a súa valoración e cualificación xunto coas probas realizadas ata ese momento, permitindo determinar o nivel competencial asociado a esta materia.

- Atención á diversidade

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Realización de adaptacións do currículo no caso de ser necesario. Coordinación co profesorado de PT e do Dpto. de Orientación do centro, que procederá á súa avaliación psicolóxica inicial e do que se recibirán as indicacións oportunas.

Faise necesaria a colaboración familiar no caso de posible suspensión de actividade lectiva presencial, xa que o traballo en plataformas virtuais que se podería realizar require dunha autonomía no seu manexo que non posúe este alumnado en moitos casos.

Alumnado con necesidade de reforzo na materia.

O alumnado que requira ampliación de contidos por ter maior autonomía e ter acadado un maior nivel competencial, poderá usar o libro interactivo que acompaña ao libro dixital deste nivel. A presenza de actividades de léxico e gramática relacionados cos temas, así como de vídeos e lecturas, complementa o traballo realizado previamente.

O alumnado con necesidade de reforzo de contidos terá o apoio do profesorado de xeito presencial ou telemático, con actividades de diversas páxinas online que permitan ao alumnado lograr unha maior

autonomía no dominio dos contidos a reforzar.

Alumnado coa materia pendente.

O Departamento propón clases de reforzo para este alumnado, que se desenvolven en horario complementario. Isto supón un seguimento continuo da evolución deste alumnado. En caso de non ser posible, o reforzo e cualificación da materia pendente será levado a cabo polo profesorado do seu grupo de referencia.

De acordo coa PD, poderanse facer dúas avaliacións a este alumnado coas que poder superar a materia en caso de cualificación positiva. De non ser así, teñen dereito a unha proba final no mes de maio.

Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.

Ao comezo presencial do curso farase a presentación dos materias que se usarán, procurando comprobar cal é o manexo das ferramentas dixitais das que o alumnado dispón.

O profesorado titor e o E.Directivo serán coñecedores das carezas do material que poida haber, para que se lles facilite o antes posible de acordo coas pautas marcadas a nivel administrativo. Se persiste a situación en caso de suspensión de actividade lectiva presencial, as diferentes tarefas deberán ser realizadas por canles alternativas: material en papel remitido por correo postal, contacto telefónico se o hai e pautar tarefas que se poidan realizar de xeito autónomo para a súa corrección posterior.

2º ESO

VALORACIONES DERIVADAS DO CURSO 2019/2020

- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Tendo en conta a situación derivada da suspensión das clases presenciais e as circunstancias especiais durante o curso 19/20, seguíronse instrucións do 27 de abril de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Realizouse seguindo as devanditas instrucións unha adaptación da Programación do Departamento, establecendo normas para a terceira avaliación e avaliación final. Dese xeito, os membros do Departamento realizaron as actividades de recuperación, reforzo e ampliación que se indicaban, establecendo contidos, estándares e competencias asociadas aos mesmos que serían imprescindibles para a superación da materia.

Para o curso 20/21 **non se considera necesaria unha modificación inicial da Programación** e os graos de adquisición de estándares serán os que nela se recollen. A aprendizaxe continua desta materia, fai que os contidos que se correspondan cos estándares avaliábeis sexan traballados dende comezo de curso. Deste xeito, os contidos sintáctico – discursivos, aos que se asocian os diferentes aspectos do currículo, que foron obxecto de ampliación, pero que non foron avaliados no curso 2019/20 seguindo as instrucións antes citadas, formarán parte da avaliación no presente curso 2020/21

- Aprendizaxes non avaliadas 2019/20. 1º ESO

O alumnado deste nivel procede do mesmo centro, habendo moi poucas incorporacións de centros alleos. Deste xeito, a avaliación inicial non é tan significativa como pode ser en algún dos outros niveis xa que se coñecen as características individuais e tamén se conta coa información do curso anterior en canto aos contidos menos traballados.

Neste nivel propuxéronse no curso 19/20 actividades dos contidos correspondentes fundamentalmente ás unidades 7-9 (páxinas 66-69 da Programación), das que se traballou o seu léxico e expresións de uso cotián. Realizáronse actividades de ampliación gramatical moi básica e tal como se recolle na PD, xa serán obxecto de avaliación durante o curso actual.

- *Past of be: was / were; there was / were; Past simple of regular verbs; Order of adjectives.*
- *Simple past of regular and irregular verbs- affirmative, negative and interrogative. Short answers with the simple past.*
- *Will; Be going to; Present continuous to talk about future arrangements; Connectors*

- Estratexias metodolóxicas

O proceso de ensino no curso 2020/21 non supón inicialmente un cambio na metodoloxía recollida na Programación do Departamento. Unha parte da primeira avaliación sempre ten por obxecto un repaso e afianzamento do traballado no curso anterior, polo que xa servirá tamén de recuperación daquel alumnado que tivera máis dificultades

- Criterios de cualificación.

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe avaliáveis non serán modificados inicialmente, non se considera tampouco o cambio nos criterios de cualificación dos mesmos.

ENSINO NON PRESENCIAL

Se as condicións hixiénico-sanitarias non permitiran a actividade presencial, incorporaranse as modificacións que correspondan ao momento do curso no que iso suceda. Como punto de partida, establécense as seguintes liñas de actuación.

- Aprendizaxes imprescindibles

Correspóndense cos establecidos polo Departamento para o curso anterior nas adaptacións feitas na PD logo das actuacións derivadas da situación de suspensión do ensino presencial.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2	PLEB 1.2
B2.2	PLEB 2.2
B3.6	PLEB 3.6
B4.4	PLEB 4.3
B4.7	PLEB 4.6
B5.4	PLEB5.4
B5.7	PLEB5.7

- Metodoloxía. Recursos

A utilización do libro dixital da editorial Burlington (*Way to English. 2*) neste nivel, permite o traballo dos contidos independentemente da ubicación presencial ou non do alumnado.

- Manuais de traballo dixital do curso: libro de exercicios e libro de texto. Way to English Editorial Burlington(ver Programación)
- Libro interactivo da mesma editorial.
- En caso de suspensión de actividade presencial e en función do momento do curso no que se opte por esa medida, optarase pola utilización do libro de lectura ' Love or Money?' (ver Programación). Facilitarase enlace ao mesmo para o seu traballo online.
- Videos (Internet) como reforzo da materia.
- Materiais ofrecidos pola editorial Burlington na súa páxina web. Textos, listenings, readers, extra practice...
- Uso do correo electrónico como canle de comunicación para envío de tarefas e pautas gramaticais de reforzo por parte do profesorado e alumnado.
- Posible uso da Aula Virtual do centro.
- Comunicación a través da plataforma Abalar para contacto con familias e alumnado.

O uso de plataformas virtuais como Webex e outras será usada para poder facer un seguimento do traballo do alumnado, posibilitando a realización das tarefas coa presenza do profesorado.

- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- Actividades relacionadas co libro de lectura obrigatoria. Lectura, escoita e comprensión de texto.
- Actividades do libro dixital do alumnado.
- Uso do libro Interactivo dixital do que dispón o alumnado.
- Exercicios con actividades de reforzo e recuperación.
- Probas escritas sobre gramática, vocabulario e comprensión de textos.
- Interese e actitude na realización das tarefas.
- Interacción en actividades orais.
- Uso de medios telemáticos: arquivos de correo, plataformas telemáticas.

Instrumentos:

- Rexistro e valoración das actividades recibidas.
- Corrección e rexistro das actividades dixitais realizadas polo alumnado no libro Interactivo - dixital - online deste nivel.
- Cualificación das probas escritas realizadas.
- Cualificación actividades orais que se fagan, sempre que sexa posible.
- Rexistro e valoración das actividades no libro de traballo dixital.
- Observación e rexistro do uso de ferramentas informáticas e a súa aplicación para aprendizaxe da materia.

- Avaliación

Os criterios usados para a cualificación, corresponderanse inicialmente co indicado na PD. As plataformas citadas anteriormente serán as que faciliten a realización das probas que se programen para a avaliación do alumnado. Deste xeito, se a suspensión abrangue unha avaliación completa, a cualificación do alumnado terá en conta:

- Realización das tarefas no libro dixital (student's book and workbook). 10% da cualificación.
- Avaliación das probas escritas dos bloques 3-5 da PD. O peso da súa cualificación será un 60%
- O peso da proba oral (speaking) será un 20% e a de escoita (listening) dun 10%.

No caso da non realización de proba oral ou de escoita, a porcentaxe engadirase aos bloques 3-5.

Se a non presencialidade non abrangue unha avaliación completa, o seguimento do traballo do alumnado no libro dixital permitirá a súa valoración e cualificación xunto coas probas realizadas ata ese momento, permitindo determinar o nivel competencial asociado a esta materia.

- Atención á diversidade

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Realización de adaptacións do currículo no caso de ser necesario. Coordinación co profesorado de PT e do Dpto. de Orientación do centro, que procederá á súa avaliación psicolóxica inicial e do que se recibirán as indicacións oportunas.

Faise necesaria a colaboración familiar no caso de posible suspensión de actividade lectiva presencial, xa que o traballo en plataformas virtuais que se podería realizar require dunha autonomía no seu manexo que non posúe este alumnado en moitos casos.

Alumnado con necesidade de reforzo na materia.

O alumnado que requira ampliación de contidos por ter maior autonomía e ter acadado un maior nivel competencial, poderá usar o libro interactivo que acompaña ao libro dixital deste nivel. A presenza de actividades de léxico e gramática relacionados cos temas, así como de videos e lecturas, complementa o traballo realizado previamente.

O alumnado con necesidade de reforzo de contidos terá o apoio do profesorado de xeito presencial ou telemático, con actividades de diversas páxinas online que permitan ao alumnado lograr unha maior autonomía no dominio dos contidos a reforzar.

Alumnado coa materia pendente.

O Departamento propón clases de reforzo para este alumnado, que se desenvolven en horario complementario. Isto supón un seguimento continuo da evolución deste alumnado. En caso de non ser posible, o reforzo e cualificación da materia pendente será levado a cabo polo profesorado do seu grupo de referencia.

De acordo coa PD, poderanse facer dúas avaliacións a este alumnado coas que poder superar a materia en caso de cualificación positiva. De non ser así, teñen dereito a unha proba final no mes de maio.

Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.

Ao comezo presencial do curso farase a presentación dos materias que se usarán, procurando comprobar cal é o manexo das ferramentas dixitais das que o alumnado dispón. Neste nivel xa hai un manexo previo deses materiais, o que facilita a transmisión de información a través desas canles.

O profesorado titor e o E.Directivo serán coñecedores das carezas do material que poida haber, para que se lles facilite o antes posible de acordo coas pautas marcadas a nivel administrativo. Se persiste a situación en caso de suspensión de actividade lectiva presencial, as diferentes tarefas deberán ser realizadas por canles alternativas: material en papel remitido por correo postal, contacto telefónico se o hai e pautar tarefas que se poidan realizar de xeito autónomo para a súa corrección posterior.

3º ESO

VALORACIONES DERIVADAS DO CURSO 2019/2020

- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Tendo en conta a situación derivada da suspensión das clases presenciais e as circunstancias especiais durante o curso 19/20, seguíronse instrucións do 27 de abril de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Realizouse seguindo as devanditas instrucións unha adaptación da Programación do Departamento, establecendo normas para a terceira avaliación e avaliación final. Dese xeito, os membros do Departamento realizaron as actividades de recuperación, reforzo e ampliación que se indicaban, establecendo contidos, estándares e competencias asociadas aos mesmos que serían imprescindibles para a superación da materia.

Para o curso 20/21 **non se considera necesaria unha modificación inicial da Programación** e os graos de adquisición de estándares serán os que nela se recollen. A aprendizaxe continua desta materia, fai que os contidos que se correspondan cos estándares avaliábeis sexan traballados dende comezo de curso. Deste xeito, os contidos sintáctico – discursivos, aos que se asocian os diferentes aspectos do currículo, que foron obxecto de ampliación, pero que non foron avaliados no curso 2019/20 seguindo as instrucións antes citadas, formarán parte da avaliación no presente curso 2020/21

- Aprendizaxes non avaliadas 2019/20. 2º ESO

O alumnado deste nivel procede do mesmo centro, habendo moi poucas incorporacións de centros alleos. Deste xeito, a avaliación inicial non é tan significativa como pode ser en algún dos outros niveis xa que se coñecen as características individuais e tamén se conta coa información do curso anterior en canto aos contidos menos traballados.

Neste nivel propuxéronse actividades de léxico dos temas fixados para a terceira avaliación (páxinas 77-80 da Programación), con actividades de ampliación gramatical moi básica dos contidos que se sinalan nas unidades nela contempladas e que serán obxecto de avaliación no seguinte curso:

- *Practicar o uso dos tempos de futuro (will, be going to e o Present Continuous) e First e Second Conditional.*
- *Practicar o uso do Present Perfect Simple e de for / since.*
- *Practicar o uso dos modais (can, could, must, should) e repasar todos os tempos verbais estudados. Modals: have to e need to.*
- *Formación e uso do Reported Speech en frases afirmativas e negativas. Uso dos xerundios e infinitivos en oracións complexas. Verb Patterns.*

- Estratexias metodolóxicas

O proceso de ensino no curso 2020/21 non supón inicialmente un cambio na metodoloxía recollida na Programación do Departamento. Unha parte da primeira avaliación sempre ten por obxecto un repaso e

afianzamento do traballado no curso anterior, polo que xa servirá tamén de recuperación daquel alumnado que tivera máis dificultades

- Criterios de cualificación.

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe avaliados non serán modificados inicialmente, non se considera tampouco o cambio nos criterios de cualificación dos mesmos.

ENSINO NON PRESENCIAL

Se as condicións hixiénico-sanitarias non permitiran a actividade presencial, incorporaranse as modificacións que correspondan ao momento do curso no que iso suceda. Como punto de partida, establécense as seguintes liñas de actuación.

- Aprendizaxes imprescindibles

Correspóndense cos establecidos polo Departamento para o curso anterior nas adaptacións feitas na PD logo das actuacións derivadas da situación de suspensión do ensino presencial.

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2	PLEB 1.2
B2.2	PLEB 2.2
B3.6	PLEB 3.6
B4.4	PLEB 4.3
B4.7	PLEB 4.6
B5.4	PLEB5.4
B5.7	PLEB5.7

- Metodoloxía. Recursos

A utilización do libro dixital da editorial Oxford (*Mosaic 3*) neste nivel, permite o traballo dos contidos independentemente da ubicación presencial ou non do alumnado.

- Manuais de traballo dixital do curso: (libro de texto - *Mosaic 3*, Oxford University Press).
- Materiais ofrecidos pola editorial Oxford na súa páxina web. Textos, listenings, readers, extra practice...
- En caso de suspensión de actividade presencial e en función do momento do curso no que se opte por esa medida, optárase pola utilización do libro de lectura (ver Programación). Facilitarase enlace ao mesmo para o seu traballo online.
- Videos (Internet) como reforzo da materia.
- Uso de plataformas virtuais e/ou correo electrónico como canle de comunicación para envío de tarefas e pautas gramaticais de reforzo por parte do profesorado e alumnado.
- Posible uso da Aula Virtual do centro.
- Comunicación a través da plataforma Abalar e o correo electrónico para contacto con familias e alumnado.

O uso de plataformas virtuais como Webex e outras será usada para poder facer un seguimento do traballo do alumnado, posibilitando a realización das tarefas coa presenza do profesorado.

- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- Actividades relacionadas cos libros de lectura obrigatoria. Lectura, escoita e comprensión de texto.
- Actividades do libro dixital do alumnado.
- Uso do libro Interactivo dixital do que dispón o alumnado.
- Exercicios con actividades de reforzo e recuperación.
- Probas escritas sobre gramática, vocabulario e comprensión de textos.
- Interese e actitude na realización das tarefas.
- Interacción en actividades orais.
- Uso de medios telemáticos: arquivos de correo, plataformas telemáticas.

Instrumentos:

- Rexistro e valoración das actividades recibidas.
- Corrección e rexistro das actividades dixitais realizadas polo alumnado no libro Interactivo - dixital - online deste nivel.
- Cualificación das probas escritas realizadas.
- Cualificación actividades orais que se fagan, sempre que sexa posible.
- Rexistro e valoración das actividades no libro de traballo dixital.
- Observación e rexistro do uso de ferramentas informáticas e a súa aplicación para aprendizaxe da materia.

- Avaliación

Os criterios usados para a cualificación, corresponderanse inicialmente co indicado na PD. As plataformas citadas anteriormente serán as que faciliten a realización das probas que se programen para a avaliación do alumnado. Deste xeito, se a suspensión abrangue unha avaliación completa, a cualificación do alumnado terá en conta:

- Realización das tarefas no libro dixital (10% da cualificación).
- Avaliación das probas escritas dos bloques 3-5 da PD. O peso da súa cualificación será un 60%
- O peso da proba oral (speaking) será un 20% e a de escoita (listening) dun 10%.

No caso da non realización de proba oral ou de escoita, a porcentaxe engadirase aos bloques 3-5.

Se a non presencialidade non abrangue unha avaliación completa, o seguimento do traballo do alumnado no libro dixital permitirá a súa valoración e cualificación xunto coas probas realizadas ata ese momento, permitindo determinar o nivel competencial asociado a esta materia.

- Atención á diversidade

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Realización de adaptacións do currículo no caso de ser necesario. Coordinación co profesorado de PT e do Dpto. de Orientación do centro, que procederá á súa avaliación psicolóxica inicial e do que se recibirán as indicacións oportunas.

Faise necesaria a colaboración familiar no caso de posible suspensión de actividade lectiva presencial, xa que o traballo en plataformas virtuais que se podería realizar require dunha autonomía no seu manexo que non posúe este alumnado en moitos casos.

Alumnado con necesidade de reforzo na materia.

O alumnado que requira ampliación de contidos por ter maior autonomía e ter acadado un maior nivel competencial, poderá usar o libro interactivo que acompaña ao libro dixital deste nivel. A presenza de actividades de léxico e gramática relacionados cos temas, así como de videos e lecturas, complementa o traballo realizado previamente.

O alumnado con necesidade de reforzo de contidos terá o apoio do profesorado de xeito presencial ou telemático, con actividades de diversas páxinas online que permitan ao alumnado lograr unha maior autonomía no dominio dos contidos a reforzar.

Alumnado coa materia pendente.

O Departamento propón clases de reforzo para este alumnado, que se desenvolven en horario complementario. Isto supón un seguimento continuo da evolución deste alumnado. En caso de non ser posible, o reforzo e cualificación da materia pendente será levado a cabo polo profesorado do seu grupo de referencia.

De acordo coa PD, poderanse facer dúas avaliacións a este alumnado coas que poder superar a materia en caso de cualificación positiva. De non ser así, teñen dereito a unha proba final no mes de maio.

Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.

Ao comezo presencial do curso farase a presentación dos materias que se usarán, procurando comprobar cal é o manexo das ferramentas dixitais das que o alumnado dispón. Neste nivel xa hai un manexo previo deses materiais, o que facilita a transmisión de información a través desas canles.

O profesorado titor e o E. Directivo serán coñecedores das carenzas do material que poida haber, para que se lles facilite o antes posible de acordo coas pautas marcadas a nivel administrativo. Se persiste a situación en caso de suspensión de actividade lectiva presencial, as diferentes tarefas deberán ser realizadas por canles alternativas: material en papel remitido por correo postal, contacto telefónico se o hai e pautar tarefas que se poidan realizar de xeito autónomo para a súa corrección posterior.

4º ESO

VALORACIÓNS DERIVADAS DO CURSO 2019/2020

1. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Tendo en conta a situación derivada da suspensión das clases presenciais e as circunstancias especiais durante o curso 19/20, seguíronse instrucións do 27 de abril de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Realizouse seguindo as devanditas instrucións unha adaptación da Programación do Departamento, establecendo normas para a terceira avaliación e avaliación final. Dese xeito, os membros do Departamento realizaron as actividades de recuperación, reforzo e ampliación que se indicaban, establecendo contidos, estándares e competencias asociadas aos mesmos que serían imprescindibles para a superación da materia.

Para o curso 20/21 **non se considera necesaria unha modificación inicial da Programación** e os graos de adquisición de estándares serán os que nela se recollen. A aprendizaxe continua desta materia, fai que os contidos que se correspondan cos estándares avaliábeis sexan traballados dende comezo de curso. Deste xeito, os contidos sintáctico – discursivos, aos que se asocian os diferentes aspectos do currículo, que foron obxecto de ampliación, pero que non foron avaliados no curso 2019/20 seguindo as instrucións antes citadas, formarán parte da avaliación no presente curso 2020/21

- Aprendizaxes non avaliadas 2019/20. 3º ESO

O alumnado deste nivel procede do mesmo centro, habendo moi poucas incorporacións de centros alleos. Deste xeito, a avaliación inicial non é tan significativa como pode ser en algún dos outros niveis xa que se coñecen as características individuais e tamén se conta coa información do curso anterior en canto aos contidos menos traballados.

Neste nivel propuxéronse no curso 19/20 actividades dos contidos correspondentes fundamentalmente á unidade 7 (páxinas 104-105 da Programación). Realizáronse actividades de ampliación léxico-gramatical tal como se recolle na PD. Estas serán obxecto de avaliación durante o curso actual.

- *A expresión do tempo futuro. Formación e uso.*

Os elementos da programación contidos nas unidades 6, 8 e 9 (páxinas da 102 á 107 da programación) non se chegaron a traballar nin a avaliar, polo que deberán ser abordados con especial dedicación nas unidades 4, 5 e 6 (páxinas 112- 117 da programación) en 4º ESO durante o curso 20/21.

- *A voz pasiva. Formación e uso.*
- *As Oracións Condicionais. Tipos. Formación e uso.*
- *O Estilo Indirecto. Formación e uso.*

- Estratexias metodolóxicas

O proceso de ensino no curso 2020/21 non supón inicialmente un cambio na metodoloxía recollida na Programación do Departamento. Unha parte da primeira avaliación sempre ten por obxecto un repaso e afianzamento do traballado no curso anterior, polo que xa servirá tamén de recuperación daquel alumnado que tivera máis dificultades

- Criterios de cualificación.

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe avaliados non serán modificados inicialmente, non se considera tampouco o cambio nos criterios de cualificación dos mesmos.

ENSINO NON PRESENCIAL

Se as condicións hixiénico-sanitarias non permitiran a actividade presencial, incorporaranse as modificacións que correspondan ao momento do curso no que iso suceda. Como punto de partida, establécense as seguintes liñas de actuación.

- Aprendizaxes imprescindibles

Correspóndense cos establecidos polo Departamento para o curso anterior nas adaptacións feitas na PD logo das actuacións derivadas da situación de suspensión do ensino presencial.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2	PLEB 1.5
B1.3	PLEB 1.6
B2.2	PLEB 2.1
B2.6	PLEB 2.5
B3.1	PLEB 3.1
B3.3	PLEB 3.3/ 3.4
B3.4	PLEB 3.5
B4.1	PLEB 4.1
B4.2	PLEB 4.4
B5.1	PLEB 5.1
B5.3	PLEB 5.4
B5.5	PLEB 5.5

- Metodoloxía. Recursos

A utilización do libro dixital da editorial Burlington , *Way to English. 4* neste nivel, permite o traballo dos contidos independentemente da ubicación presencial ou non do alumnado.

- Manual de traballo en formato físico e dixital do curso: *Way to English*. Editorial Burlington.
- Libro interactivo da mesma editorial.
- Aula Virtual.
- Plataforma de comunicación por video conferencia.
- En caso de suspensión de actividade presencial e en función do momento do curso no que se opte por esa medida, empregarase o libro de lectura 'Romeo and Juliet' (ver Programación). Facilitarase o enlace á versión dixital para leelo e escoitalo.
- Materiais ofrecidos pola editorial Burlington con actividades que desenvolven as catro destrezas.
- Videos (Internet) como reforzo da materia.
- Correo electrónico, Abalar e E-dixgal.

- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- Actividades relacionadas co libro de lectura obrigatoria. Lectura, escoita e comprensión.
- Actividades do libro dixital do alumnado.
- Uso do libro interactivo dixital do que dispón o alumnado.
- Exercicios con actividades de aprendizaxe, reforzo e recuperación.
- Probas escritas sobre gramática, vocabulario e comprensión de textos escritos e orais.
- Interese e actitude na realización das tarefas.
- Interacción en actividades orais.
- Uso de medios telemáticos: arquivos de correo, plataformas telemáticas.

Instrumentos:

- Rexistro e valoración das actividades recibidas.
- Corrección e rexistro das actividades dixitais realizadas na Aula Virtual.
- Cualificación das probas escritas realizadas.
- Cualificación actividades orais que se fagan, sempre que sexa posible.
- Observación e rexistro do uso de ferramentas informáticas e a súa aplicación para aprendizaxe da materia.

Avaliación

Os criterios usados para a cualificación corresponderanse inicialmente co indicado na PD. As plataformas citadas anteriormente serán as que faciliten a realización das probas que se programen para a avaliación do alumnado. Deste xeito, se a suspensión abrangue unha avaliación completa, a cualificación do alumnado terá en conta:

Realización das tarefas na Aula Virtual ou mediante o uso do correo electrónico: 10% da cualificación.

Avaliación das probas escritas dos bloques 3-5 da PD. O peso da súa cualificación será un 60%

O peso da proba oral (speaking) será un 20% e a de escoita (listening) dun 10%.

No caso da non realización de proba oral ou de escoita, a porcentaxe engadirase aos bloques 3-5.

Se a non presencialidade non abrangue unha avaliación completa, o seguimento do traballo do alumnado na Aula Virtual, e vía correo electrónico permitirá a súa valoración e cualificación xunto coas probas realizadas ata ese momento, permitindo determinar o nivel competencial asociado a esta materia.

- Atención á diversidade

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Realización de adaptacións do currículo no caso de ser necesario. Coordinación co profesorado de PT e do Dpto. de Orientación do centro, que procederá á súa avaliación psicolóxica inicial e do que se recibirán as indicacións oportunas.

Faise necesaria a colaboración familiar no caso de posible suspensión de actividade lectiva presencial, xa que o traballo en plataformas virtuais que se podería realizar require dunha autonomía no seu manexo que non posúe este alumnado en moitos casos.

Alumnado con necesidade de reforzo na materia.

O alumnado que requira ampliación de contidos por ter maior autonomía e ter acadado un maior nivel competencial, poderá usar o libro interactivo que acompaña ao libro dixital deste nivel. A presenza de actividades de léxico e gramática relacionados cos temas, así como de videos e lecturas, complementa o traballo realizado previamente.

O alumnado con necesidade de reforzo de contidos terá o apoio do profesorado de xeito presencial ou telemático, con actividades de diversas páxinas online que permitan ao alumnado lograr unha maior autonomía no dominio dos contidos a reforzar.

Alumnado coa materia pendente.

O Departamento propón clases de reforzo para este alumnado, que se desenvolven en horario complementario. Isto supón un seguimento continuo da evolución deste alumnado. En caso de non ser posible, o reforzo e cualificación da materia pendente será levado a cabo polo profesorado do seu grupo de referencia.

De acordo coa PD, poderanse facer dúas avaliacións a este alumnado coas que poder superar a materia en caso de cualificación positiva. De non ser así, teñen dereito a unha proba final no mes de maio.

Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.

Ao comezo presencial do curso farase a presentación dos materias que se usarán, procurando comprobar cal é o manexo das ferramentas dixitais das que o alumnado dispón. Neste nivel xa hai un manexo previo deses materiais, o que facilita a transmisión de información a través desas canles.

O profesorado titor e o E.Directivo serán coñecedores das carenzas do material que poida haber, para que se lles facilite o antes posible de acordo coas pautas marcadas a nivel administrativo. Se

persiste a situación en caso de suspensión de actividade lectiva presencial, as diferentes tarefas deberán ser realizadas por canles alternativas: material en papel remitido por correo postal, contacto telefónico se o hai e pautar tarefas que se poidan realizar de xeito autónomo para a súa corrección posterior.

1º BAC

VALORACIÓN DERIVADAS DO CURSO 2019/2020

- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Tendo en conta a situación derivada da suspensión das clases presenciais e as circunstancias especiais durante o curso 19/20, seguíronse instrucións do 27 de abril de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Realizouse seguindo as devanditas instrucións unha adaptación da Programación do Departamento, establecendo normas para a terceira avaliación e avaliación final. Dese xeito, os membros do Departamento realizaron as actividades de recuperación, reforzo e ampliación que se indicaban, establecendo contidos, estándares e competencias asociadas aos mesmos que serían imprescindibles para a superación da materia.

Para o curso 20/21 **non se considera necesaria unha modificación inicial da Programación** e os graos de adquisición de estándares serán os que nela se recollen. A aprendizaxe continua desta materia, fai que os contidos que se correspondan cos estándares avaliados sexan traballados dende comezo de curso. Deste xeito, os contidos sintáctico – discursivos, aos que se asocian os diferentes aspectos do currículo, que foron obxecto de ampliación, pero que non foron avaliados no curso 2019/20 seguindo as instrucións antes citadas, formarán parte da avaliación no presente curso 2020/21

- Aprendizaxes non avaliadas 2019/20. 4 ESO.

O alumnado deste nivel procede do mesmo centro, habendo moi poucas incorporacións de centros alleos. Deste xeito, a avaliación inicial non é tan significativa como pode ser en algún dos outros niveis xa que se coñecen as características individuais e tamén se conta coa información do curso anterior en canto aos contidos menos traballados.

Contidos non avaliados foron os correspondentes ás unidades 6, 7, 8. estas inclúen: Verbos Modais, o Estilo Indirecto e Verbos seguidos de Infinitivo ou Xerundio, o desenvolvemento da produción escrita e da produción oral.

Neste nivel propuxéronse no curso 19/20 actividades dos contidos correspondentes fundamentalmente ás unidades 5-6 (páxinas 124-145 da Programación). Realizáronse actividades de ampliación gramatical e tal como se recolle na PD, xa serán obxecto de avaliación durante o curso actual.

- Actividades sobre o libro de lectura.
- Exercicios de reforzo sobre os contidos traballados para todo o alumnado.
- Actividades de reforzo e repaso para o alumnado con máis dificultades.
- Preparación da proba de recuperación co alumnado que teña cualificación negativa na segunda avaliación.
- Visionado de vídeos para repaso e reforzo de contidos sintáctico-discursivos.
- Traballo cos manuais dos que dispón o alumnado e uso de ferramentas informáticas.

- Estratexias metodolóxicas

O proceso de ensino no curso 2020/21 non supón inicialmente un cambio na metodoloxía recollida na Programación do Departamento. Unha parte da primeira avaliación sempre ten por obxecto un repaso e afianzamento do traballado no curso anterior, polo que xa servirá tamén de recuperación daquel alumnado que tivera máis dificultades

- Criterios de cualificación.

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe avaliábeis non serán modificados inicialmente, non se considera tampouco o cambio nos criterios de cualificación dos mesmos.

ENSINO NON PRESENCIAL

Se as condicións hixiénico-sanitarias non permitiran a actividade presencial, incorporaranse as modificacións que correspondan ao momento do curso no que iso suceda. Como punto de partida, establécense as seguintes liñas de actuación.

- Aprendizaxes imprescindibles

Correspóndense cos establecidos polo Departamento para o curso anterior nas adaptacións feitas na PD logo das actuacións derivadas da situación de suspensión do ensino presencial.

4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1	PLEB1.1
B1.7	PLEB1.7
B2.2	PLEB2.1
B2.5	PLEB2.6
B3.1	PLEB3.1
B3.5	PLEB3.4
B4.2	PLEB3.5
B4.4	PLEB4.2
B4.6	PLEB4.4
B5.6	PLEB5.1
B5.7	PLEB5.6

- Metodoloxía. Recursos

A dispoñibilidade de acceso ao do libro dixital da editorial Burlington (*Advantage 1*) permite o traballo dos contidos independentemente da ubicación presencial ou non do alumnado.

Arquivos de traballo con exercicios elaborados polo profesorado.

- Manuais de traballo do curso: libro de texto. Advantage 1. Editorial Burlington (ver Programación).
- Libro de lectura obrigatoria (ver Programación).
- Materiais ofrecidos pola editorial Burlington. Diálogos, gramática, vocabulario.
- Ferramentas informáticas: correo, plataformas diversas (Google Classroom, Webex, etc.)

- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- Actividades relacionadas co libro de lectura obrigatoria. Lectura, escoita e comprensión de texto.
- Actividades do libro dixital do alumnado.
- Uso do libro Interactivo dixital do que dispón o alumnado.
- Exercicios con actividades de reforzo e recuperación.
- Probas escritas sobre gramática, vocabulario e comprensión de textos.
- Interese e actitude na realización das tarefas.
- Interacción en actividades orais.
- Uso de medios telemáticos: arquivos de correo, plataformas telemáticas.

Instrumentos:

- Rexistro e valoración das actividades recibidas.
- Cualificación das probas escritas realizadas.
- Cualificación das actividades orais que se fagan, sempre que sexa posible.
- Observación e rexistro do uso de ferramentas informáticas e a súa aplicación para aprendizaxe da materia.

- Avaliación

Os criterios usados para a cualificación, corresponderanse inicialmente co indicado na PD. As plataformas citadas anteriormente serán as que faciliten a realización das probas que se programen para a avaliación do alumnado. Deste xeito, se a suspensión abrangue unha avaliación completa, a cualificación do alumnado terá en conta:

- Realización das tarefas na Aula Virtual, Google Classroom ou mediante o uso do correo electrónico: 10% da cualificación.
- Avaliación das probas escritas dos bloques 3-5 da PD. O peso da súa cualificación será un 60%
- O peso da proba oral (speaking) será un 15% e a de escoita (listening) dun 15%.

No caso da non realización de proba oral ou de escoita, a porcentaxe engadirase aos bloques 3-5.

Se a non presencialidade non abrangue unha avaliación completa, o seguimento do traballo do alumnado na Aula Virtual, Google Classroom ou mediante o correo electrónico permitirá a súa valoración e cualificación xunto coas probas realizadas ata ese momento, permitindo determinar o nivel competencial

asociado a esta materia.

- Atención á diversidade

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Realización de adaptacións do currículo no caso de ser necesario. Coordinación co profesorado de PT e do Dpto. de Orientación do centro, que procederá á súa avaliación psicolóxica inicial e do que se recibirán as indicacións oportunas.

Faise necesaria a colaboración familiar no caso de posible suspensión de actividade lectiva presencial, xa que o traballo en plataformas virtuais que se podería realizar require dunha autonomía no seu manexo que non posúe este alumnado en moitos casos.

Alumnado con necesidade de reforzo na materia.

O alumnado que requira ampliación de contidos por ter maior autonomía e ter acadado un maior nivel competencial, poderá usar material complementario preparado polo profesorado. A presenza de actividades de léxico e gramática relacionados cos temas, así como de videos e lecturas, complementa o traballo realizado previamente.

O alumnado con necesidade de reforzo de contidos terá o apoio do profesorado de xeito presencial ou telemático, con actividades de diversas páxinas online que permitan ao alumnado lograr unha maior autonomía no dominio dos contidos a reforzar.

Alumnado coa materia pendente.

O Departamento propón clases de reforzo para este alumnado, que se desenvolven en horario complementario. Isto supón un seguimento continuo da evolución deste alumnado. En caso de non ser posible, o reforzo e cualificación da materia pendente será levado a cabo polo profesorado do seu grupo de referencia.

De acordo coa PD, poderanse facer dúas avaliacións a este alumnado coas que poder superar a materia en caso de cualificación positiva. De non ser así, teñen dereito a unha proba final no mes de maio.

Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.

Ao comezo presencial do curso farase a presentación dos materias que se usarán, procurando comprobar cal é o manexo das ferramentas dixitais das que o alumnado dispón. Neste nivel xa hai un manexo previo deses materiais, o que facilita a transmisión de información a través desas canles.

O profesorado titor e o E.Directivo serán coñecedores das carezas do material que poida haber, para que se lles facilite o antes posible de acordo coas pautas marcadas a nivel administrativo. Se persiste a situación en caso de suspensión de actividade lectiva presencial, as diferentes tarefas deberán ser realizadas por canles alternativas: material en papel remitido por correo postal, contacto telefónico se o hai e pautar tarefas que se poidan realizar de xeito autónomo para a súa corrección posterior.

2º BAC

VALORACIÓN DERIVADAS DO CURSO 2019/2020

- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Tendo en conta a situación derivada da suspensión das clases presenciais e as circunstancias especiais durante o curso 19/20, seguíronse instrucións do 27 de abril de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Realizouse seguindo as devanditas instrucións unha adaptación da Programación do Departamento, establecendo normas para a terceira avaliación e avaliación final. Dese xeito, os membros do Departamento realizaron as actividades de recuperación, reforzo e ampliación que se indicaban, establecendo contidos, estándares e competencias asociadas aos mesmos que serían imprescindibles para a superación da materia.

Para o curso 20/21 **non se considera necesaria unha modificación inicial da Programación** e os graos de adquisición de estándares serán os que nela se recollen. A aprendizaxe continua desta materia, fai que os contidos que se correspondan cos estándares avaliábeis sexan traballados dende comezo de curso. Deste xeito, os contidos sintáctico – discursivos, aos que se asocian os diferentes aspectos do currículo, que foron obxecto de ampliación, pero que non foron avaliados no curso 2019/20 seguindo as instrucións antes citadas, formarán parte da avaliación no presente curso 2020/21

- Aprendizaxes non avaliadas 2019/20. 1º BAC.

Neste nivel propuxéronse no curso 19/20 actividades dos contidos correspondentes fundamentalmente ás unidades 6-7-8 (páxinas 130-136 da programación). Realizáronse actividades de ampliación gramatical e tal como se recolle na PD, xa serán obxecto de avaliación durante o curso actual.

Unidade 6: Vocabulario relativo á economía, xerundios e infinitivos, a voz pasiva e a causativa, escoitar un podcast, diálogos para chegar a un acordo na parte oral e escribir un texto informativo, na parte escrita.

Unidade 7: vocabulario e expresións relativas a deportes, nomes compostos, o estilo indirecto, escoitar unha entrevista, no relativo á fala describir e comparar dúas fotos, e na parte escrita escribir unha biografía.

Unidade 8: léxico relativo a comida, expresións idiomáticas e verbos compostos, ó respecto da gramática, estruturas especiais; used to / would/ be used to/ get used to; so/so...that/ such/ such....that; either.....or; / neither....nor; should/ had better e unha revisión dos contidos de todo o curso. Na fala tratábase de facer plans e na escrita escribir unha carta ou un email formal.

- Estratexias metodolóxica

O proceso de ensino no curso 2020/21 non supón inicialmente un cambio na metodoloxía recollida na Programación do Departamento. Unha parte da primeira avaliación sempre ten por obxecto un repaso e afianzamento do traballado no curso anterior, polo que xa servirá tamén de recuperación daquel alumnado que tivera máis dificultades

- Criterios de cualificación.

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe avaliábeis non serán modificados inicialmente, non se considera tampouco o cambio nos criterios de cualificación dos mesmos.

ENSINO NON PRESENCIAL

Se as condicións hixiénico-sanitarias non permitiran a actividade presencial, incorporaranse as modificacións que correspondan ao momento do curso no que iso suceda. Como punto de partida, establécense as seguintes liñas de actuación.

- Aprendizaxes imprescindibles

Correspóndense cos establecidos polo Departamento para o curso anterior nas adaptacións feitas na PD logo das actuacións derivadas da situación de suspensión do ensino presencial.

5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1	PLEB1.1
B1.5	PLEB1.5
B2.1	PLEB2.1
B2.6	PLEB2.2
B3.2	PLEB2.5
B3.4	PLEB3.3
B4.1	PLEB3.6
B4.5	PLEB4.2
B4.6	PLEB5.1
B5.2	PLEB5.2
B5.5	PLEB5.6

- Metodoloxía. Recursos

A dispoñibilidade de acceso ao do libro dixital da editorial Burlington (*Advanced Contrast 2*) permite o traballo dos contidos independentemente da ubicación presencial ou non do alumnado.

- Manuais de traballo do curso: libro de texto. *Advanced Contrast 2*. Editorial Burlington (ver Programación).
- Libro de lectura obrigatoria (ver Programación).
- Libros de lectura voluntaria de acceso telemático (editorial Burlington).
- Vídeos (Internet) como reforzo da materia.
- Materiais ofrecidos pola editorial Burlington. Diálogos, gramática, vocabulario.
- Ferramentas informáticas: correo, plataformas diversas (Google Classroom, Webex, etc.)
- Aula Virtual, Abalar e E-dixgal.
- Arquivos de traballo con exercicios elaborados polo profesorado.

- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- Actividades relacionadas co libro de lectura obrigatoria. Lectura, escoita e comprensión de texto.
- Actividades do libro dixital do alumnado.
- Uso do libro Interactivo dixital do que dispón o alumnado.
- Exercicios con actividades de reforzo e recuperación.
- Probas escritas sobre gramática, vocabulario e comprensión de textos.
- Interese e actitude na realización das tarefas.
- Interacción en actividades orais.
- Uso de medios telemáticos: arquivos de correo, plataformas telemáticas.

Instrumentos:

- Rexistro e valoración das actividades recibidas.
- Cualificación das probas escritas realizadas.
- Cualificación das actividades orais que se fagan, sempre que sexa posible.
- Observación e rexistro do uso de ferramentas informáticas e a súa aplicación para aprendizaxe da materia.

- Avaliación

Os criterios usados para a cualificación, corresponderanse inicialmente co indicado na PD. As plataformas citadas anteriormente serán as que faciliten a realización das probas que se programen para a avaliación do alumnado. Deste xeito, se a suspensión abrangue unha avaliación completa, a cualificación do alumnado terá en conta:

- Realización das tarefas na Aula Virtual, Google Classroom ou mediante o uso do correo electrónico: 10% da cualificación.
- Avaliación das probas escritas dos bloques 3-5 da PD. O peso da súa cualificación será un 60%
- O peso da proba oral (speaking) será un 15% e a de escoita (listening) dun 15%.

No caso da non realización de proba oral ou de escoita, a porcentaxe engadirase aos

bloques 3-5.

Se a non presencialidade non abrangue unha avaliación completa, o seguimento do traballo do alumnado na Aula Virtual, Google Classroom ou mediante o correo electrónico permitirá a súa valoración e cualificación xunto coas probas realizadas ata ese momento, permitindo determinar o nivel competencial asociado a esta materia.

- Atención á diversidade

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Realización de adaptacións do currículo no caso de ser necesario. Coordinación co profesorado de PT e do Dpto. de Orientación do centro, que procederá á súa avaliación psicolóxica inicial e do que se recibirán as indicacións oportunas.

Faise necesaria a colaboración familiar no caso de posible suspensión de actividade lectiva presencial, xa que o traballo en plataformas virtuais que se podería realizar require dunha autonomía no seu manexo que non posúe este alumnado en moitos casos.

Alumnado con necesidade de reforzo na materia.

O alumnado que requira ampliación de contidos por ter maior autonomía e ter acadado un maior nivel competencial, poderá usar material complementario preparado polo profesorado. A presenza de actividades de léxico e gramática relacionados cos temas, así como de videos e lecturas, complementa o traballo realizado previamente.

O alumnado con necesidade de reforzo de contidos terá o apoio do profesorado de xeito presencial ou telemático, con actividades de diversas páxinas online que permitan ao alumnado lograr unha maior autonomía no dominio dos contidos a reforzar.

Alumnado coa materia pendente.

O Departamento propón clases de reforzo para este alumnado, que se desenvolven en horario complementario. Isto supón un seguimento continuo da evolución deste alumnado. En caso de non ser posible, o reforzo e cualificación da materia pendente será levado a cabo polo profesorado do seu grupo de referencia.

De acordo coa PD, poderanse facer dúas avaliacións a este alumnado coas que poder superar a materia en caso de cualificación positiva. De non ser así, teñen dereito a unha proba final no mes de maio.

Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.

Ao comezo presencial do curso farase a presentación dos materias que se usarán, procurando comprobar cal é o manexo das ferramentas dixitais das que o alumnado dispón. Neste nivel xa hai un manexo previo deses materiais, o que facilita a transmisión de información a través desas canles.

O profesorado titor e o E.Directivo serán coñecedores das carezas do material que poida haber, para

que se lles facilite o antes posible de acordo coas pautas marcadas a nivel administrativo. Se persiste a situación en caso de suspensión de actividade lectiva presencial, as diferentes tarefas deberán ser realizadas por canles alternativas: material en papel remitido por correo postal, contacto telefónico se o hai e pautar tarefas que se poidan realizar de xeito autónomo para a súa corrección posterior.

ANEXO II: Contribución do Departamento ao Plan de Igualdade do Centro.

Educación en igualdade supón un modelo educativo que se fundamenta no respecto ao principio de igualdade entre homes e mulleres. Enténdese por Educación en Igualdade a ferramenta que permite combater as situacións de desigualdade e discriminación de xénero presentes no ámbito educativo e na sociedade en xeral.

O plan de igualdade de centro está concibido, por tanto, co fin de facilitar a introdución da perspectiva de xénero de modo transversal en todos os contidos, espazos, relacións etc., que se desenvolven no noso centro educativo. O Departamento de Inglés comparte as mesmas inquietudes de toda a comunidade educativa e participa activamente na consecución dunha comunidade de iguais. No noso Departamento queremos un centro educativo que teña como referente ético primordial o valor da dignidade humana, sen desprezos, abusos, humillacións nin autoritarismos; un centro que acolla e coide de todas as persoas da comunidade escolar, sexa cal for a súa condición, e as axude a desenvolver as súas propias capacidades.

Dentro do ámbito específico do noso Departamento, contribuímos ao Plan de Igualdade de diversos xeitos:

- Co uso de materiais curriculares non sexistas e inclusivos. Comezando polos libros de texto e as lecturas obrigatorias e escollendo textos de traballo, documentos dixitais, material audiovisual, etc. axeitados a este obxectivo.
- Coa observación (e posible intervención) dende a nosa situación como persoas titoras ou como profesorado en actitudes nas que se observa discriminación e / ou violencia derivada da diferenza de xénero.
- Coa eliminación de estereotipos de xénero en actividades e exemplos utilizados no proceso de ensino da lingua (*nurse* sempre para mulleres ou *engineer* sempre para homes).
- Coa proposta de temas e exercicios onde se valore o papel da muller ao longo da historia. Estes temas poden aparecer en exercicios de *reading* ou *listening comprehension* a distintos niveis desde 1º ESO a 2º BAC. Tamén temas de reflexión sobre a problemática que sofren hoxe en día as mulleres (diferenzas de soldo, obxectivización, etc.).
- Facendo fincapé en evitar linguaxes sexistas na aula. Obviamente nas materias de linguas é algo que claramente se pode facer. Uso de linguaxe inclusiva.
- Con actividades de *role-playing* con intercambio de papeis tradicionais.
- Con actividades para animar o alumnado a realizar lecturas de obras escritas por mulleres, tratando, por exemplo, o tema do uso de pseudónimos para poder publicar, ou as diferenzas entre mulleres de diferentes culturas a través da literatura e do cine.
- Participando nas actividades que, sobre este tema, poida desenvolver a comunidade educativa.

IES “Nosa Señora dos Ollos Grandes”

Lugo, 30 de setembro de 2020.

Juan Carlos García Lorenzo

Xefe do Departamento de Lingua Inglesa

Membros do Departamento:

Barrera Fernández, Lorena

Mourellos Regueiro, Juan Carlos

Campo Resco, Lara María

Rodríguez López, Ana María

Fernández Senande, María José

Veiga Rodríguez, Beatriz

Villar Rodil, María del Mar

PLAN ANUAL DE LECTURA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS 2020-21

DEDICACIÓN Á LECTURA NA AULA

1.OBXECTIVOS

O Departamento de Inglés participa activamente no Proxecto Lector de Centro (PL) e incorpora a Biblioteca Escolar e, doutro xeito, as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a consecución dos obxectivos de fomento da lectura, da escritura e o desenvolvemento das habilidades informativas. Consideramos que a lectura é responsabilidade de todo o colectivo docente e participamos do obxectivo fundamental do PL: “facer da formación lectora e escritora e asemade da competencia informacional e documental o centro da educación.”

O fomento da lectura é, xa que logo, unha parte importante da Programación deste Departamento. Parte da nosa responsabilidade como profesorado é conseguir que o alumnado poña en práctica, cando le en inglés, as mesmas habilidades que utiliza cando le na súa lingua e traballamos neste sentido para convencelos/as de que poden comprender textos en inglés aínda que teñan vocabulario ou estruturas que nunca viran antes; e dicir, o mesmo que sucede cando len na súa lingua. Persequimos esta finalidade en dous niveis distintos: por unha banda, con actividades de aula que teñen que ver con procesos de lectura e que poderíamos chamar “Actividades de lectura/escritura do curriculum” e, por outra, con un “Programa de Lectura (Recomendado / Voluntario)”. Tamén participamos na actividade “Hora de Ler” xunto cos demais Departamentos do Instituto.

2.TEMPORALIZACIÓN e ESPAZOS PARA A LECTURA

O alumnado ten dous espazos privilexiados para a lectura no Instituto: a aula e a Biblioteca de centro. Na aula desenvólense actividades que aparecen detalladas no apartado 4 (rutinas de lectura) e tamén a “Hora de Ler”, na que participamos en todos os cursos da ESO. A Biblioteca de centro é un foco dinamizador da lectura e programa actividades e campañas para todo o alumnado do centro durante todo o curso.

3. CARÁCTER DAS LECTURAS

Cando a xente le na vida real, fóra das aulas, pode ter distintos motivos: porque quere facelo por pracer, porque ten un obxectivo, ou ben porque ten algún tipo de expectativa. Intentamos reflectir estas finalidades nas actividades relacionadas coa lectura na aula: o principal enfoque metodolóxico destas tarefas é que sexan realistas e motivadoras para que o alumnado vexa unha finalidade útil á súa lectura e teña que reaccionar, por exemplo, dando a súa opinión sobre o que leron, facendo algunha actividade escrita (escribir unha carta ou unha postal) resumindo, ou entablando unha conversación baseada nos temas do texto.

Na clase de inglés a selección de textos é importante segundo a finalidade para que se vaian empregar. Os textos poden ser auténticos ou non auténticos.

Textos auténticos son aqueles escritos para falantes de inglés, non para estudantes da lingua, por exemplo: periódicos, anuncios, libros, etc.

Textos non auténticos son os escritos especificamente para estudantes de inglés. Hai dúas categorías de textos deste tipo: os textos escritos para ilustrar estruturas específicas da lingua como poden ser os distintos tempos verbais, e os textos escritos para pareceren auténticos pero con un control estrito da lingua adaptada segundo o nivel. O uso de textos adaptados permite que o alumnado adquira as destrezas que necesitará no futuro cando se enfrente a material auténtico.

Os libros de texto da materia de inglés ofrecen múltiples exemplos de ámbolos dous tipos de textos e inclúen todos os xéneros literarios.

4. RUTINAS DE LECTURA

A ensinanza dunha lingua estranxeira implica traballar con distintos aspectos relacionados co idioma que se vai aprender a partir do coñecemento, consciente ou inconsciente, da lingua ou linguas propias. Un lector en calquera lingua emprega certas destrezas e o seu nivel de comprensión depende en boa medida do uso que faga delas, por iso, na clase de inglés traballamos a actividade lectora partindo da práctica destas seis destrezas que practicamos en todos os niveis, variando unicamente o grao de dificultade dos textos:

- Destrezas de predición: un lector eficiente é aquel que predice o que vai ler e a súa comprensión do texto baséase no proceso de ver ata que punto o contido do texto coincide coas súas expectativas. A práctica desta destreza obriga ao profesorado a facer que o alumnado se interese no tema, proporcionándolle unha finalidade interesante e motivadora. Nestes casos é importante averiguar (mesmo na lingua do alumnado, non necesariamente en inglés) o coñecemento que teñen en relación co tema e, a partir diso, pedirles que confirmen ou aumenten o seu coñecemento segundo o texto.

- Ler para extraer información específica (*scanning*). Moitas veces un lector enfróntase a un texto, non para enténdelo completamente, senón para averiguar unha ou máis cousas determinadas; por exemplo, ler a crítica dunha película buscando o nome do protagonista. Neste caso insistimos en que o alumnado aprenda a ignorar a información que non necesita e se centre unicamente no que ten que buscar, para iso debe saber que ten que ler as preguntas antes de ler o texto. Nas primeiras fases da práctica desta destreza, as solucións deben ser moi claras de modo que o alumnado asocie esta destreza coa rapidez e aprenda a buscar palabras clave que lle axude a encontrar os datos.
- Obter a idea xeral dun texto (*skimming*). O importante é a idea xeral, non os detalles así que o alumnado ten que aprender a identificar os puntos principais dun texto e ignorar o que é irrelevante. O lector ten que recoñecer, nunha lectura rápida, a información que se repite e distinguir os puntos máis importantes dun texto. As veces o/a profesor/a asegúrase de que o/a alumno/a entendeu a idea xeral con preguntas tipo “multiple choice” ou preguntas de comprensión xeral adaptadas ao seu nivel. A identificación das ideas principais dun texto é o primeiro paso para ensinar ao alumnado a facer un bo resumo.
- Averiguar a opinión e a atitude do escrito. O escritor non sempre expresa a súa opinión dun xeito claro pero o lector aprende, a partir de distintas pistas no texto, a distinguir o seu punto de vista e se está de acordo co tema ou non. Recoñecer os marcadores de estilo lingüístico require un alto nivel de comprensión xa que o lector ten que identificar o rexistro do escritor: se usa unha linguaxe formal ou informal, se o seu estilo é directo, etc. As actividades que teñen esta finalidade practícanse a partir de 3º ESO e, principalmente, no Bacharelato.
- Deducir o significado polo contexto. Os falantes de calquera lingua encontran ás veces palabras cuxo significado descoñecen, pero este feito non é realmente un problema na maioría dos casos porque o lector pode imaxinar o seu significado segundo o contexto da palabra (o tipo de oración, a gramática, etc.). A maioría das veces o lector é incapaz de imaxinar o significado dunha palabra unicamente cando son moitas as palabras que descoñece no mesmo texto, pero este, unha vez máis, é un problema tamén cando sucede na L1.
- Recoñecer marcadores do discurso. Os marcadores do discurso ou conectores permiten ao lector entender o sentido xeral dun texto; cando un lector le “en outras palabras”, por exemplo, sabe que vai ler unha definición dun concepto ou dunha idea dun xeito distinto. Estes marcadores son os que dan cohesión a un texto e, ao mesmo tempo, permiten unir as ideas dun xeito coherente. A ensinanza destes conectores empeza dun modo moi sinxelo cos conectores básicos en inglés, *and*, *but* para chegar a un estudo detallado e concienzudo no último curso de Bacharelato coa presentación de todos os tipos de *links* que foron aparecendo nos distintos cursos: os que axudan a construír un argumento coa enumeración de ideas (*first, second...*), os que engaden información (*also, in addition...*), os que explican as causas e os resultados (*that’s why, therefore...*), os que axudan a explicar as ideas doutro xeito (*that is to say, in other words...*), os que modifican a idea que se expresa (*especially, at least...*), os que presentan opinións persoais (*in my opinion, in my view...*), os que introducen un resumo do texto ou das ideas principais (*to conclude, to sum up...*), os que introducen os exemplos (*for*

example, for instance...), os que presentan un contraste de ideas ou opinións (*although, however...*), os que presentan unha transición das ideas (*by the way...*), etc.

- **Práctica das destrezas receptivas e produtivas**

No que se refire á aprendizaxe de vocabulario, as actividades de clase divídense en dous tipos: as que dan ou ensinan vocabulario e as que animan a reproducilo; as dúas relaciónanse xa que o alumnado valora e avalía o vocabulario que ten almacenado cando ten que usalo.

En xeral, o alumnado pode enfrontarse a textos dun nivel máis alto cando le que cando escribe: moitas veces o/a alumno/a ten que traballar cun texto para entender a mensaxe, e isto é posible incluso se o texto ten vocabulario que o alumnado non sería quen de producir.

- **Hora de Ler**

O Departamento de Inglés participa, xunto cos demais Departamentos do Instituto, nesta sesión de lectura que se desenvolve inicialmente nos curso de ESO.

Na ESO séguense as pautas marcadas dende a Xefatura de Estudos. Desenvólvese durante o tempo establecido sempre que a marcha da materia non impida o seu desenvolvemento, como por exemplo por preparación de probas de exame ou realización das mesmas.

Cando no mesmo grupo coincide a Hora de Ler durante varias sesión da semana, pode optarse en ocasións pola concentración dos tempos nunha sesión máis ampla.

O alumnado pode ler no formato e lingua que elixa, pero sempre se ofrece a posibilidade de traballar na lingua propia da materia. Neste caso, o alumnado escolle traballar en grupo coas lecturas obrigatorias ou con aquelas que elixan libremente.

Actividades Recomendadas

Coméntaselle ao alumnado a posibilidade de levar en sistema de empréstito o material que se atopa no Centro (ben no Departamento ou na Biblioteca).

A maior parte dos textos do libro do estudante de ofrecen información real, que se complementa en moitas ocasións coa busca das webs ou documentos dixitais dos datos que aportan, ben realizadas directamente na aula ou recomendadas ao alumnado como tarefa de traballo individual fóra da mesma.

ITINERARIOS LECTORES

O Departamento de Inglés conta cunha ampla biblioteca de lecturas graduadas que foi incrementando ao longo dos anos, e mellorando coa incorporación de moitas lecturas de distintos niveis que traen

incorporado un CD coa lectura gravada, ou co audio dispoñible online. Así mesmo, contamos cun notable fondo bibliográfico nunha sección específica na Biblioteca do Instituto. O Departamento ten organizado un programa “mínimo” de lectura obrigatoria que todo o alumnado debe realizar, tanto na ESO como no Bacharelato. Este programa, pensado para afondar na lectura extensiva, consiste en ler un libro ou dous ou algunhas historias, por trimestre. Esta lectura enténdese como traballo persoal, aínda que de feito a maioría do profesorado dedica algunha sesión de clase a estas lecturas: para axudar a resolver algunhas dificultades específicas ou simplemente para asegurarse da comprensión dos contidos por parte do alumnado.

Os criterios para a selección das lecturas obrigatorias foron distintos, segundo o nivel e a idade do alumnado. En 1º e 2º da ESO, por exemplo, influíron especialmente dúas características: o nivel do vocabulario e as estruturas gramaticais das lecturas; por exemplo, o uso do pasado simple dos verbos non aparece no o libro correspondente ata o terceiro trimestre de 1º ESO. Non obstante, en 3º e 4º da ESO a selección realizouse tendo en conta a temática. En todos os casos, os libros van acompañados dun CD porque consideramos que a lectura acompañada da escoita dos textos e o mellor método para mellorar non só o nivel de vocabulario senón a capacidade de comprensión a nivel tanto escrito como oral. En canto ao Bacharelato, as lecturas pasan a ser en inglés non adaptado, con algo máis de dificultade debido á temática das lecturas en 2º BAC porque consideramos que nese momento o alumnado xa é quen de facer unha lectura extensiva dun xeito correcto.

O programa de lectura obrigatoria para todos os cursos é o seguinte:

1º ESO

1º Trim: Lindop, Christine. *Sally's Phone*. Oxford Bookworms Starters. (CD).

2º Trim: Smith, Bernard. *The Slave Boy of Pompeii*. Penguin Active Reading. Easystarts. (CD).

3º Trim: Escott, J. *The Missing Coins*. Penguin Readers. (CD).

2º ESO

1º / 2º Trim: Wilde, Oscar. *The Happy Prince / The Selfish Giant*. Black Cat / Green Apple. Vicens Vives (CD). (Unha historia cada trimestre).

3º Trim: Akinyemi, Rowena. *Love or Money*. Oxford Bookworms Library (CD).

WEB:

A páxina web da editorial Burlington da ao alumnado de ESO a posibilidade de acceso a lecturas adaptadas con audio e actividades.

Readers: Activity Series

<https://www.burlingtonbooks.com/Spain/Page.aspx?PageID=185&zoneIndex=3&subMenuIndex=6>

Readers: Original Series

<https://www.burlingtonbooks.com/Spain/Page.aspx?PageID=1273&zoneIndex=3&subMenuIndex=5>

3º ESO

1º Trim: Fine, Anne. *Madame Doubtfire*. Burlington Activity Reader. Limassol: Burlington.

2º Trim: Harris, Ken. *Vampire Tales*. Limassol: Burlington. (CD).

3º Trim: Edwards, Jenny. *A Sherlock Holmes Collection*. Limassol: Burlington.

PMAR 3º ESO

Fine, Anne. *Madame Doubtfire*. Burlington Activity Reader. Limassol: Burlington.

4º ESO

1º Trim: Kendall, Sue. *A Foreigner in India*. Burlington Original Reader Series. Limassol: Burlington.

2º Trim: Shakespeare, William, *Romeo and Juliet*. Burlington Original Reader Series. Limassol: Burlington.

3º Trim: Dickens, Charles. *Great Expectations*. Burlington Activity Readers. Limassol: Burlington.

1º BAC

1º Trim: Selección de historias cortas non adaptadas e textos diversos:

- Roald Dahl, "The Umbrella Man."
- Jackee Budesta Batanda, "Remember Atita."

<https://inglesiesollosgrandes.blogspot.com/2013/05/child-soldiers.html>

<https://inglesiesollosgrandes.blogspot.com/2010/02/ten-green-bottles.html>

<https://inglesiesollosgrandes.blogspot.com/2012/03/remember-atita.html>

- Malala Yousafzai, Nobel Lecture, December 10, 2014.
- Envy: A Story.

2º Trim: John Boyne. *The Boy in the Striped Pyjamas*. (1ª parte, 100 páxinas)

3º Trim: John Boyne. *The Boy in the Striped Pyjamas*. (2ª parte, 100 páxinas)

O profesorado poderá cambiar a orde de lectura en 1º BAC.

LECTURAS RECOMENDADAS:

- Chadha, Gurinder, *Bend It Like Beckham*.

- Haddon, Mark, *The Curious Incident of the Dog in the Night-Time*. (Guardian Children's Fiction Prize 2003).
- Orwell, George, *Animal Farm*.
- Palacio, R.J., *Wonder*. (Booklist Editors' Choice: Books for Youth 2012 Award).

WEBS:

Lectura:

<https://inglesiesollosgrandes.blogspot.com/search/label/Reading>

The Warsaw Uprising Museum:

<https://www.1944.pl/en/article/the-warsaw-rising-museum,4516.html>

Yad Vashem, Jerusalem, Israel: <https://www.yadvashem.org/>

2º BAC

O alumnado debe falar co profesorado a principio de curso.

Diversas lecturas que variarán segundo o/a profesor/a, incluíndo a seguinte:

- Andrea Hirata, *The Rainbow Troops*. (novela sen adaptar).

WEB:

<https://inglesiesollosgrandes.blogspot.com/search/label/%22The%20Absolutely%20True%20Diary%20Of%20a%20Part%20C2%B4Time%20Indian%22>

- Selección de historias curtas non adaptadas.

A selección para cada trimestre faina cada profesor/a. Así mesmo, varios profesores/as proponen a lectura de artigos de revistas escritas en lingua inglesa, como *The Economist*, *Time* ou *National Geographic*.

LECTURAS RECOMENDADAS:

- Anderson, Laurie Halse, *Speak*. ("National Book Award Finalist 1999", Printz Honor Book 2000).

<https://inglesiesollosgrandes.blogspot.com/search/label/%22Speak%22>

- Adiga, Aravind, *The White Tiger*. (Winner of the Man Booker Prize 2008).
- Johnson, Angela, *The First Part Last*. (Premio Coretta Scott King Award for Authors 2004, Michael L. Printz Award 2004).
- See, Lisa, *Snow Flower and the Secret Fan*.

WEBS:

Andrea Hirata. Official Website: <http://andrea-hirata.com/>

Belitung Island, Indonesia: <https://indonesia.tripcanvas.co/sumatra/belitung-island-guide/>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación das lecturas obrigatorias realizarase dalgún dos seguintes xeitos: mediante a inclusión dalgunha pregunta nas probas ou exames correspondentes, cun exame escrito específico para ás lecturas, cun exame oral, ou cunha combinación de todos eles. O obxectivo das preguntas é, simplemente, comprobar que a lectura se realizou. No caso de que algún alumno con cualificación positiva nas distintas probas orais e escritas non realizara a tarefa de lectura, non pode ter cualificación positiva definitiva sen superar as probas das lecturas. En todo caso considérase que a realización da lectura prescrita é un compoñente obrigatorio e eliminatorio do curso para a obtención dun aprobado.

No apartado correspondente da Programación do Departamento de Inglés 2019-20 pode atoparse información máis precisa sobre a avaliación dos bloques de comprensión (*reading*) e expresión escrita (*writing*). Véxase o punto 4.3 sobre Procedementos e Instrumentos de Avaliación e Cualificación.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

Como xa se comentou, o Departamento de Inglés conta cunha ampla biblioteca de lecturas graduadas que foi incrementando ao longo dos anos, e mellorando coa incorporación de moitas lecturas de distintos niveis que traen incorporado un CD coa lectura gravada, ou co audio dispoñible online. Así mesmo, contamos cun notable fondo bibliográfico nunha sección específica na Biblioteca do Instituto.

Asemade, a Biblioteca do Instituto conta cun número limitado pero suficiente de volumes de libros recomendados que se incrementa cada ano. Estes fondos persiguen facilitar ao alumnado o seu traballo lector e tamén teñen unha dimensión social ao permitiren aforrar gastos ás familias.

A Biblioteca organiza durante todo o ano actividades de formación lectora e escritora ademais de actividades de competencia no manexo da información.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A elaboración, revisión e seguimento e avaliación do Plan Anual de Lectura do Departamento de Inglés faise mediante puntos específicos en reunións de Departamento, nomeadamente en setembro, a principio de curso, e en xuño, a finais do terceiro trimestre. Durante o curso abórdanse temas relacionados co Plan Lector sempre que se considera necesario.